

sarria

O Xulgado aceptou un recurso do PP contra o alcalde sarriao Claudio Garrido. **Pax. 5**

triacastela

O 23 de setembro volve a XI Feira de Artesanía e Produtos da Zona. **Pax. 12**

láncara

A CHMS substituirá a ponte que se atopa sobre o río Sarria no núcleo de Supena. **Pax. 14**

samos

O 30 de setembro o CEIP Samos celebra o seu 40 aniversario con actividades. **Pax. 16**

deportes

Comeza a Copa Deputación de fútbol sala coa participación de 39 equipos. **Pax. 22**

Obstáculos para os peóns no urbanismo municipal




Avances no novo túnel de Oural

Os traballos de construción avanzan a un ritmo de 45 metros semanais. **Pax. 9**

Melloras na estrada que une Sarria e Paradela

Achegan 260.000 euros para aumentar a seguridade e a comodidade nesta vía. **Pax. 8**

Rocío López



A escritora lancaresa fálanos sobre o proceso de creación da súa novela. **Pax. 15**

Círculo e petróglifo



Localizado un novo círculo no Concello de Paradela. **Pax. 11**

Cova Eirós



Os arqueólogos veñen de descubrir materias primas como cuarzo e cuarcita. **Pax. 12**

A Deputación asesorou a 1.230 empresas

Atendéronse máis de 1.600 consultas con 7 axentes dixitais do plan Acelera PEMES. **Pax. 19**

CORBAR MAQUINARIA
INNOVACION, COMPROMISO Y GARANTIA

CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MEIRA

ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³

ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA

RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

TRITURADORAS SERRAT GAMA AGRÍCOLA, FORESTAL, SUELO, CABEZALES, ESPACIOS VERDES, BIOMASA

CUCHILLA MAÍZ CORISTANCO

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

A FONDO

Un Camiño moi transitado

Máis de mil peregrinos diarios saíron desde Sarria cara a Santiago de Compostela durante o mes de agosto

Despois de dous anos seguidos celebrando o Xacobeo, en 2021 e 2022, durante os cales houbo unha grande afluencia de peregrinos polo Camiño de Santiago, había unha gran expectación por como evolucionaba este ano 2023, sobre todo en Semana Santa, pero tamén no verán, xa que é o momento no que as persoas adoitan coller as vacacións e aproveitar para desconectar a través das paisaxes galegas.

Un dos percorridos cara a Santiago de Compostela máis significativos é o Camiño Francés, que percorre os municipios de Triacastela, Samos, Sarria e Paradela da comarca de Sarria e que acolle a miles de peregrinos cada ano.

Desde a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago, a través do seu presidente, Jorge López, defenden que este ano o mes de xullo foi un mes "moi frouxo", xa que houbo moitos menos peregrinos que durante o ano anterior.

Así, explican que cren que as causas poden ter que ver con dous acontecementos. En primeiro lugar, este ano celebrouse a Xornada Mundial da Xuventude en Lisboa entre o 1 e o 6 de agosto, á que acudiu o Papa Francisco. Por ese motivo, moitas persoas decidiron participar dese acto en vez de facer o Camiño de Santiago e outras persoas decidiron facelo, pero polo Camiño Portugués, en vez de elixir o Francés. Por outra parte, tamén está o feito da subida dos custos e o detrimento do nivel adquisitivo das familias.



Por outra banda, si que desde a Asociación de Amigos do Camiño de Santiago explican que si que houbo moito peregrino estranxeiro durante o mes de xullo, sobre todo mexicano, xa que no país ofertáronse durante o mes de xullo paquetes turísticos que incluían os 100 últimos quilómetros polo Camiño Francés desde Sarria, co fin de ter a Compostelana.

Con respecto a agosto, pola súa parte, Jorge López sostén que en agosto houbo unha repunta de peregrinos, tanto nacionais como internacionais, aínda que non se notou a primeira quincena de agosto. "A peregrinación do Camiño de Santiago a través do Camiño Francés este ano foi atrasado", sostivo. Así, desde o 15 ata finais

de agosto e principios de setembro, houbo días moi fortes, como a fin de semana do 26 ao 28 de agosto, días nos que puido haber ata 1.000 persoas saíndo desde Sarria cara a Santiago de Compostela diarias, mentres que na primeira quincena de agosto saían 600 diarias.

Con todo, este non foi un mal ano para o Camiño de Santiago, xa que os datos apuntan a que xa son máis de 315.000 as Compostelanas seladas durante este 2023.

OS PEREGRINOS. Miles de peregrinos percorreron este verán as paisaxes de Pedrafita do Cebreiro, Triacastela, Samos, Sarria, Paradela, Portomarín... que se encadran no Camiño Francés co fin de

chegar a Santiago de Compostela despois dunha experiencia que moitos queren repetir.

Algún peregrino comenta que "é a primeira vez que fago o Camiño, pero estou sentindo unha paz interior tan grande durante estes días, que creo que repetirei máis veces". Pero tamén hai quen levar varios anos facéndoo de diversas formas e con diversas compañías porque sostén que "o silencio, a natureza, a espiritualidade, o pensar nun mesmo e desconectar do traballo e da rutina son instrumentos que me serven para seguir adiante o resto do ano".

Así, concretamente no caso do Camiño Francés, os veciños e veciñas dos pobos que percorre, así como as representantes destes a nivel

administrativo, fan todo o posible por ofrecer o mellor da súa localidade para facelos sentir o mellor posible e que queiran repetir.

Tanto os hostaleiros como os cidadáns e o goberno local de Triacastela, Samos, Sarria e Paradela promoven que as súas rúas, estradas, establecementos e zonas de ocio e turismo estean axeitadas para a seguinte tempada na que os peregrinos pasan pola súa vila e deixan parte do seu nivel adquisitivo nela; un momento no que ámbalas dúas partes gañan e se benefician dun evento canónico.

FUTURO. O Camiño Francés seguirá sendo un dos percorridos para realizar o Camiño de Santiago por miles de peregrinos, tanto nacionais como internacionais ao longo dos anos, por iso desde a Mancomunidade de Concellos do Camiño Francés, cuxa presidenta é Olga Iglesias, alcaldesa de Triacastela, veñen facendo diversas iniciativas para seguir promovendo e mellorando este Camiño e a información que hai del.

En concreto, no pasado mes de agosto presentouse un novo folleto turístico do Camiño Francés que incorpora información de cada concello mediante códigos QR impresos que enlazan coa páxina web da mancomunidade, permitindo unha renovación continua da información sobre aloxamentos, lugares de interese e actividades que se están a desenvolver en cada concello.



ASESORAMENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanea este código QR e envíanos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:



XENERA
COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% galega. Con máis de 130 anos de historia.

GESA ENERGÍA Colaborador Oficial de **XENERA**

Entra e infórmate!

982 876 681

sarria@xenera.com



DESEÑOS A MEDIDA

DAMOS FORMA A ESE PROXECTO ESPECIAL

Muebles

Celeiro

MÁIS DE 30 ANOS O SEU SERVIZO

Vilapedre 27614 (Ctra. Lu546, km16) Sarria - Lugo

Tel.: 982 532 451 - 625 662 962

www.mueblesceleiro.com/

mueblesceleiro@gmail.com

SARRIA

Instan ao Concello á eliminación das barreiras arquitectónicas

O Partido Popular de Sarria instou ao goberno local á “eliminación das múltiples barreiras arquitectónicas que dificultan o tránsito e a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida”.

A través dunha moción, que se someteu a votación no Pleno, aprobouse pese ás discusións que se produciron no mesmo sobre as competencias de cada administración nas estradas sarriás.

A portavoz do Grupo Municipal, Carmen José López, lembrou que “a día de hoxe persisten no municipio de Sarria múltiples barreiras arquitectónicas que son postas de manifesto de forma reiterada por persoas con mobilidade reducida”. Ademais, os populares sostiveron que as beirarrúas non están rebaixasadas nos accesos aos pasos de peóns, que hai firmes en mal estado, ramplas con moita pendente e pouco espazo para as cadeiras de rodas.

Tras manter encontros con distintos afectados, lamentou que “os responsables do Concello mostren unha absoluta falta de preocupación e que non fagan nada ao respecto a pesar de que moitas das barreiras foron postas en coñecemento de distintos membros do goberno local en múltiples ocasións”. López, defende que a moción pretende dar resposta a unha necesidade que xa foi trasladada: “Non é aceptable que as persoas que precisan de cadeira de rodas ou outros dispositivos de asistencia non poidan transitar por algunhas rúas da vila sen asistencia doutra persoa”.



“Queremos que Sarria sexa unha vila efectivamente accesible, unha circunstancia que non se dá actualmente”.

Pola súa parte, o BNG de Sarria votou a favor da moción presentada polo Partido Popular con respecto á eliminación das barreiras arquitectónicas de Sarria, pero sosteñen que “hai que ir máis alá” e promover un urbanismo moderno como o que teñen outras vilas.

Así, o portavoz nacionalista, Efrén Castro, explica que mediante os pasos de peóns elevados poderíanse paliar dúas problemáticas que se producen diariamente en Sarria: os atropelos e as barreiras arquitectónicas.

Por unha parte, di que mediante os pasos de peóns elevados redúcese a velocidade á que circulan os vehículos e, polo tanto, diminúen tamén os atropelos. Pola outra, eses pasos elevados estarán á mesma altura que as beirarrúas, polo que tamén facilitan o acceso para persoas con

diversidade funcional.

“Hai que ser ambiciosos e desenvolver un plan de urbanismo que vaia cara a modernidade que xa funciona noutras cidades e vilas”, sostivo Castro.

PROBLEMAS. A portavoz do PP sinalou algúns dos principais problemas, que son a ausencia de rebaixas en beirarrúas que dan acceso a pasos de peóns, o mal estado e incluso levantamento do firme de moitas beirarrúas, a excesiva pendente nalgunhas das ramplas e o reducido espazo nos accesos para cadeiras de rodas. A moción pretende non só mellorar a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida, senón tamén a accesibilidade e tránsito de carros de bebé, etc.

Propónse que se encargue a redacción dun proxecto que actualice a supresión de barreiras arquitectónicas en Sarria a fin de que, unha vez realizado, se executen polo Concello as obras recomendadas.

Aberto o prazo para as actividades de Peleriños

A Asociación Cultural Peleriños de Sarria presentou as actividades que van levar a cabo durante as tardes deste curso de 2023-2024 no Concello de Sarria a partir do vindeiro luns 16 de outubro.

Así, haberá aulas para adultos os martes, mércores, venres e sábados durante todo o ano,

incluídos os meses de xullo e agosto; mentres que para as aulas infantís dedicaranse as tardes dos venres ata maio.

Os adultos terán a opción de elixir entre canto e pandeirata, baile, costura ‘trad’, baile ou gaita e percusión, mentres que os máis pequenos poderán asistir a baile ou a gaita e percusión.

Huellas de Sarria valora positivamente a acollida do mercado solidario

O mercado solidario organizado en Sarria este pasado sábado por Huellas Sarria, a AGAE, Míau Lemos e Michos de Lugo foi todo un éxito, xa que tivo moi boa acollida a feira solidaria, segundo explican desde Huellas de Sarria.

“Para nós é moi importante facer este tipo de eventos para darnos a coñecer a máis persoas, que se coñeza o gran labor dos voluntarios, crear conciencia do que significa ter unha mascota e que a xente poida aportar o seu granito de área”, defenden desde Huellas Sarria.

Os fondos recadados coas vendas deste mercado solidario van destinados a coidar aos animais que todas as asociacións teñen ao seu cargo e a manter os refuxios e as colonias, “xa que ás veces atopá-



monos con situacións complicadas debido a falta de recursos”, explican.

Debido á boa aceptación deste mercado, a intención destas asociacións organizadoras é seguir facendo máis edicións deste evento, que poderá volver a celebrarse en Nadal.



Audio Sarria
CENTROS AUDITIVOS
Nº de Registro Sanitario: E-27000398



signia

AUDÍFONOS SIEMENS
A MEDIDA Y RECARGABLES



StreamLine TV
TRANSMITE EL AUDIO DEL TELEVISOR A SUS AUDÍFONOS





¡LLÉVELO GRATIS CON LA COMPRA DE SUS AUDÍFONOS!

C/ Matías López, 63-bajo
27600 - SARRIA (Lugo)
Teléfono: 982 531 191 / 669 548 976
audiosarria@gmail.com

Volve a actividade musical ao Buril

O Buril de Sarria organiza un novo concerto de rock para o vindeiro 15 de setembro, que comezará a partir das 22.30 horas e polo que haberá que pagar unha entrada de cinco euros.

O grupo convidado será Kadonnut Manner, que a través da súa guitarra tradicional e acústica de cordas de aceiro instrumental de Finlandia introducirá aos asistentes ao tronso mediante a súa música hipnótica.

A hipnótica, crúa e cinematográfica música instrumental de Kadonnut Manner invoca vívidas imaxes nas cabezas de quen a escoita máis rápido do que o faría calquera substancia química.

Esta música bebe das influencias da escola de guitarra primitiva americana de John Fahey, do country blues de Skip James e Mississippi John Hurt e da música folk finlandesa, pero non require ningún coñecemento previo por parte do oínte, só unha mente aberta.

A Oficina Municipal de Turismo acolle unha exposición

A exposición 'Berces de vida. De paseo polos bosques de España' organizada por Afundación, Obra Social de ABANCA, estará na Oficina Municipal de Turismo de Sarria (Antiga Prisión Preventiva) ata o 6 de outubro. Esta mostra está comisariada por Joaquín Araújo, dúas veces gañador do Premio Nacional de Medio Ambiente.

A exposición convida a pasear polos bosques de España, ao tempo que pon en valor a súa beleza e a súa relevancia na sustentabilidade da vida, presente e futura. Así, poderase visitar de luns a venres en horario de 9.15 a 14.00 horas de forma gratuíta.

“O mellor do meu traballo é a relación que teño cos meus clientes”

José Ramón Grandas López é o xerente da empresa Maderas Grandas de Sarria

Como xurdiu a idea de montar a empresa de Maderas Grandas e en que ano?

Comezaron meus pais cunha pequena carpintería no ano 1992 e a partir de aí xurdiu a idea de montar un almacén para vender materiais tanto para construción como para o resto de ámbitos relacionados co sector da madeira.

Levan 30 anos traballando coa madeira, que é o mellor desta profesión?

O mellor de todo o traballo na empresa é a relación cos clientes, os cales nos levan acompañando nestes 30 anos.

Que tipo de traballos realizan e para que tipo de clientes?

Realizamos todo tipo de traballos relacionados coa madeira, así como vendemos todo tipo de materiais e obxectos de madeira. Entre eles, destacan o subministro de madeira para encofrado na construción. Tamén vendemos todo o necesario para as vivendas unifamiliares e en edificios residenciais, como os premarcos para tabiquería, e armarios portas e tarimas para a finalización de obra. Os nosos clientes son tanto do ámbito profesional como do particular e realizamos proxectos para organismos oficiais tales como a carpintería en centros de maiores ou o subministro de pavimentos. Ademais, tamén nos encargamos dos asentos individuais para instalacións deportivas.



Con que maquinaria contan e para que serve cada unha das ferramentas que utilizan?

Contamos con diversa maquinaria, que abarca desde ferramentas para levar a cabo a transformación de madeira como a que se encarga do corte de taboleiros e canteado. Temos unha canteadora actual que serve para realizar un canteado óptimo e de calidade.

Algunha que destaque?

Por exemplo, entre a nosa maquinaria cabe destacar unha moldureira, na cal agargalamos e fabricamos tarimas, tanto de abeto como de pino vermello ou castaño, todo enfocado á construción e restauración. Tamén contamos cun pantógrafo CNC que serve para ranurar taboleiros e no cal mecanizamos portas, marcos, armarios e fa-

comes algúns tipos de formas sobre a madeira.

Que é o que máis destaca do seu traballo para que un cliente confíe no seu servizo en vez de noutra empresa da competencia?

Nós, dende o principio, intentamos que o cliente reciba a mellor atención posible. É unha das cousas máis importantes que a xente que traballa con nós valora. Ademais, o tempo de resposta tanto na fabricación como no servizo tamén é outro dos nosos puntos fortes e polo cal nos elixen.

Despois de tantos anos, que é o máis importante que se aprendeu?

O máis importante que aprendín, tanto eu como a xente que traballa comigo é que o sacrificio sempre ten recompensa. Despois dun montón de horas

de traballo, a boa resposta por parte dos clientes fai que todo mereza a pena.

Podería facer unha valoración final do seu traballo?

O meu traballo consiste na dedicación que eu lle teño ao meu traballo, a implicación tanto persoal como profesional nos traballos que levo a cabo, xa que a calidade é o que diferencia os nosos produtos dos outros.

En que zona de actuación traballan?

Subministramos principalmente elementos de maneira arredor de toda a provincia de Lugo, tanto na Mariña lucense como no sur e tamén no centro. Ademais, tamén temos clientes que se atopan noutras provincias como son a Pontevedra e A Coruña, pero a zona de actuación principal é Lugo.

Empresa especializada en traballos verticais



REFORMAS Y LIMPIEZAS

Ramos Lourés

Rei Don Garcia 91 Bajo. 27002 Lugo
659 718 582 (24h) / 665 590 486

info@ramosloures.es / www.ramosloures.es
rylramosloures

DISPONEMOS DE TÉCNICOS CON ALTA FORMACIÓN Y EXPERIENCIA EN TRABAJOS EN ALTURA Y VERTICALES (SIN ANDAMIOS)

- Limpieza de canalones • Reparaciones de bajantes
- Limpieza, pintado e hidrofugado de fachadas y patios de luces
- Trabajos confinado y en altura en industria
- Además disponemos de servicio de desatascos 24h



MOVIMIENTOS DE TIERRA Y EXCAVACIONES
 Venta de aridos: zahorra, piedra, grava, arena
José Luis MATANZA 657 982 987
 SARRIA (LUGO)

O Xulgado aceptou un recurso do PP contra Claudio Garrido

O pasado 4 de agosto o PP de Sarria denunciou aos medios de comunicación a “actitude ditatorial” do alcalde de Sarria, Claudio Garrido, ao convocar un pleno con cinco horas de antelación o 2 de agosto, o que supuxo que varias persoas non puideran acudir. Por este motivo, o PP presentou un recurso por vulneración de dereitos de edís e o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo admitiuno.

Así, o Xulgado entende o dereito á participación política, que se vulnerou ao convocarse o pleno

cun tempo insuficiente para que todas as persoas chamadas a participar pudieran facelo.

Antecedentes

A voceira popular en Sarria, Carmen José López, denunciara que, unha vez máis, “quedaron patentes as malas formas de Garrido á fronte do Concello de Sarria, unhas dotes máis dun ditador que dun alcalde demócrata”, ao convocar un pleno cunha antelación mínima “co único obxectivo de tentar tapar unha nova negligencia do seu equipo de goberno porque o único que quere é

convalidar unha modificación do contrato do alumeadado público que tiña que ter levado a pleno hai 6 meses”.

Ademais, non só se queixou desta situación a candidata popular, tamén Benjamín Escontrela, portavoz do PSOE, manifestou que é unha “falta de respecto á oposición sabendo que varios concelleiros non poderían acudir”. Ademais, cualificou a súa xestión de “caótica” e lamentou unha forma de gobernar “ditatorial e sen planificación de ningún tipo”.

A Ruta das Aceas ofrece unha nova cara tralos traballos de mantemento

Os operarios da brigada municipal de Sarria acometeron tarefas de desbroce, limpeza e acondicionamento de diferentes elementos de madeira na Ruta das Aceas para que este itinerario estea nunhas condicións óptimas durante a tempada estival e tamén poda desfrutarse durante o outono.

Así, os veciños e veciñas, así como os turistas, poderán achegarse a percorrer os preto de seis quilómetros ao carón do río Sarria que inclúe esta ruta de sendeirismo que está preto do centro da vila.



Este traballos encádranse nas actuacións do goberno local para mellorar as diferentes zonas de Sarria co fin de mellorar a vida dos seus habitantes e das xentes que a visitan.

Unha usuaria da residencia de maiores Nosa Señora do Carme de Sarria cumpriu 100 anos



Pilar Vázquez Fernández, unha das usuarias da residencia de maiores Nosa Señora do Carme de Sarria, cumpre 100 anos, un emotivo evento que se celebrou cunha gran tarta na propia residencia con traballadoras, familia, amigos e membros da

corporación do goberno municipal. A muller recibiu un ramo de flores e unha placa conmemorativa para celebrar a súa chegada a tan alta idade na residencia pública da vila, onde moitos maiores conviven no seu día a día cos mellores coidados.

Os cativos participantes no campamento ‘Aventura no Camiño’ rematan as actividades

Os nenos e nenas participantes no campamento ‘Aventura no Camiño’ de Sarria visitaron as instalacións de Fontecelta para coñecer todo o proceso de elaboración das botellas de auga que logo son distribuídas aos diferentes supermercados.

Así, os máis de 150 cativos participantes, acompañados polos monitores Noelia, Natalia e Gaspar; percorreron a planta para coñecer os diferentes pasos do proceso de embotellado.

Esta é unha das actividades que se veñen organizando este verán no marco dos campa-

mentos para que os cidadáns máis pequenos da vila desfruten de excursións e saídas diferentes nas que aprender cousas novas.

Nesta edición os participantes puideron coñecer de preto a Aula Cemit de Sarria e os drons e impresoras en 3D que chegaron, polo que as actividades ofrecidas fomentan a saúde física, pero tamén o coñecemento de novos sectores que están de actualidade na sociedade, e tamén fomentan a práctica de todo tipo de deportes, incluídos os acuáticos, e percorreron tramos do Camiño de Santiago.

O 23 de setembro Sarria acollerá unha nova edición do Festival Garitosis

O festival Garitosis volve este ano coa súa XI edición, que se celebrará o 23 de setembro da man da Asociación Rúa da Música e en dúas sesións.

A primeira delas será unha sesión vermú que terá lugar a partir das 13.00 horas e que contará coa música de dous grupos musicais, “Proyecto Valley” e “Dous Bos”. Ademais, haberá unha barra de atención ao público, onde se invitará a churrasco aos asistentes.

Pola tarde, terá lugar a segunda sesión, que se iniciará ás 20.00 horas coa actuación de catro grupos, tres deles locais, que son “Flying Boogaloes”, “Sound Sisters” e “Javi Metals”.



CREADOS

- PSICOPEDAGOGIA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACION PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo
 27600 Sarria (LUGO)
 626 21 86 28

ESO

INFANTIL PRIMARIA



GESTEGA

OFICINA TÉCNICA AGROFORESTAL

- GESTIÓN CINEGÉTICA - PROYECTOS AGRÍCOLAS
- PROYECTOS FORESTALES - TOPOGRAFÍA
- GESTIÓN CATASTRAL - REPOBLACIONES FORESTALES
- ORDENACIÓN DE MONTES

Avenida Calvo Sotelo, 126 Entlo. B - 27600 Sarria (Lugo)
 Tel. / Fax: 982 886 487 - Móvil: 607 192 475

Educación instalará placas fotovoltaicas no IES Gregorio Fernández de Sarria

O conselleiro de Cultura, Educación, FP e Universidades, Román Rodríguez anunciou que vaise licitar a instalación de placas solares en 61 centros en toda Galicia, para o que investirá un total de 1,7 millóns de euros.

“Con elas prevemos un aforro medio do 30% do consumo, cifra que variará en función do gasto enerxético de cada un. De feito, neste centro a redución podería ser incluso algo superior”, indicou. Desta maneira, lembrou, “avanzamos nun dos obxectivos principais do Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica, que é o de acadar uns centros educativos máis eficientes e respectuosos co medio ambiente”. O custo medio de cada instalación fotovoltaica é de 28.000 euros, importe que varía lixeiramente en función do centro.

Así, o IES Gregorio Fernández de Sarria poderá contar con esta nova tecnoloxía para mellorar a eficiencia enerxética.

Efrén Castro esixe que se reabra o Centro da Muller nas condicións que tiña antes

O BNG de Sarria, a través do seu portavoz Efrén Castro, vai presentar unha moción no vindeiro pleno do Concello de Sarria na que lle piden ao goberno local que dea información sobre como está o Centro da Muller, que leva desde hai sete ou oito meses cun funcionamento “anómalo”.

Así, os nacionalistas sarriaos explican que as problemáticas entre o Concello e a Xunta levan a unha situación na que as mulleres, non só de Sarria, senón tamén de toda a comarca, non poden facer uso dun servizo “desgraciadamente, tan necesario hoxe en día”, indica Castro. Desta maneira, esixen que o Centro da Muller reabra nas mesmas condicións nas que se atopaba hai meses e que o goberno local non oculte esta situación, xa que ata a psicóloga



que traballaba no Centro da Muller foi recolocada no Concello. “É primordial que este servizo se ofrezca nun lugar privado, non no Concello, onde hai moita xente diariamente e pode chegar a ser abafante para unha muller que vén cunha problemática delicada, debemos facer que as mulleres poidan sentirse reconfortadas”, defende o portavoz nacionalista.

O premio de poesía Fiz Vergara Vilariño premiará á mellor obra en galego das 50 presentadas



A XXIII edición do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño deste ano, que dará a coñecer ao ganador ou gañadora en novembro, conta coa participación de 50 poetas de Galicia, pero tamén de Madrid, Segovia e Albacete, todos eles escritos en lingua galega.

Este premio é un dos máis prestixiosos de toda Galicia, xa que xurdiu hai 23 anos para homenaxear a un dos maiores referentes literarios da literatura galega Lóuzara Fiz Vergara Vilariño.

O certame, organizado pola Asociación Ergueitas, representada a través da súa presidenta, María Casar, e o Concello de Sarria, premiará ao gañador ou gañadora cunha dotación de 6.000 euros e a publicación da obra na editorial Espiral Maior.

Así, para poder entregar este premio, os integrantes do xurado, formado por Eduardo Estévez, Marga Romero e Jesús Castro Yáñez, deberán ler todas as obras presentadas ata que decidan o galardado en novembro.

Sálvora será o escenario da nova ruta do Grupo Xacobeo Sarria

O Grupo Xacobeo de Sarria organiza unha nova ruta para o vindeiro 24 de setembro, no que percorreren a zona de Sálvora, considerada a illa máis fermosa do parque nacional.

A saída será ás 06.00 horas desde Sarria e ás 06.30 horas desde Lugo e as persoas participantes embarcarán no Grove con destino á Illa de Sálvora, onde coñecerán o Parque Nacional a través dunhas rutas guiadas.

Despois, embarcarán de novo e

terá lugar o xantar coa comida a bordo do barco cunha mariscada e cunha festa no propio barco ata retornar ata o Grove, onde poderán visitar a vila de San Vicente do Mar e poderán pasear pola ruta das Pedras Negras.

Así, as persoas interesadas en participar poderán apuntarse ata o vindeiro 17 de setembro nunha actividade que tamén conta co apoio da Deputación de Lugo.

A obra de instalación da pasarela do Mazadoiro volve retrasarse

Sarria continúa sen a pasarela do Mazadoiro, que estaba previsto que fora instalada este verán polos técnicos de Renfe despois de Adif comezara a escavación para instalar a estrutura e contando cun prazo de execución de seis meses.

Porén, os veciños e veciñas do barrio de detrás da estación de tren de Sarria seguen sen poder pasar ao outro lado da vila, xa que os operarios fixeron os tra-

ballos de cimentación, pero aínda estase a instalar a pasarela.

A petición dunha pasarela por parte dos veciños non é unha cousa actual, xa que levan desde o ano 1992 esixindo esta construción cando se levou por primeira vez a un pleno do Concello de Sarria.

Así, o ano pasado Adif aprobou a adxudicación das obras para construír a pasarela, pero vai con retraso.

Cando estea terminada, esta ponte peonil de 22 metros de lonxitude e será unha estrutura metálica que pasará por riba das vías do tren.

Ademais, estará asentada sobre muras de formigón e incluírá ramplas e unha escaleira e, á súa vez, suporá a demolición do muro e do valado existente para permitir a construción de accesos ao paso peonil desde a vía pública.

TE ESPERAMOS
EN TU TIENDA
OFICIAL
MASlife:

📍 Rúa da
Liberdade, 133.
Sarria.

☎ 622 82 62 88



TU ANTIGUA
TIENDA YOIGO

AHORA
TE OFRECE
MUCHO MÁS.

MASlife

Yoigo

MÁSMÓVIL

pepephone

Ti elixes... Comida a domicilio

PIZZERIA PAPARAZZI
100% ITALIANI
¡¡OFERTAS ESPECIALES!!

-50% en la segunda pizza familiar
-25% en la segunda pizza mediana

Martes
Familiar de Jamón o Bacon
8€

Servicio a domicilio
Rúa Diego Pazos, 30 - Baixo Sarria
Tel. 982 012 026

CAFETERIA Polo

SERVICIO A DOMICILIO
Tel. 982 530 021

Calvo Sotelo, 12 27600 SARRIA (Lugo)

Matias Locanda

SERVICIO A DOMICILIO
RÚA MAIOR 4, SARRIA - TELÉFONO: 982 886 112



... Comida para recoller

CERVECERÍA ESPAÑA
¡LO BUENO LO ELIGES TÚ!

CERRAMOS LOS MARTES

DISFRUTE DE NUESTRAS EXQUISITAS RACIONES DE POLLO CRUJIENTE, TIRAS, ALITAS, BROCHETA AL AJO Y PARMESANO, FAJITAS DE POLLO, BURRITOS DE TERNERA, CROQUETAS, EMPANADILLAS, CALAMARES Y CHIPIRONES...
VARIEDADES DE TOSTAS... COMIDA PARA LLEVAR

CALLE DIEGO PAZOS 29, BAJO. SARRIA - TEL.: 671 407 060

CAFETERÍA EL PARISIEN Comida para llevar

Especialidade en raxo, táboas de embutidos e queixos, racións caseiras, hamburguesas premium...

Calvo Sotelo, 180 * T. 982 530 491 * SARRIA

cafe CUBAN bar

COMIDA PARA LLEVAR

1º PREMIO XV CONCURSO DE TAPIS TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarcubano@gmail.com
Tfno.: 982 886 580

BAR Montecarlo

Nuestra carta en tu mano
Comida y cafés para llevar

Rúa Diego Pazos 1. 27600 - Sarria
Telf. 982 88 69 66 621 37 10 22 montecarlosarria.es

COMARCA

Nova edición do Volante Deputación

Os próximos 16 e 17 de setembro celébrase a 12ª edición do Volante Deputación de Lugo, unha actividade que pretende achegar a calquera persoa sen experiencia o mundo da competición automobilística, vivindo desde dentro un rally como o San Froilán, tal vez o mais carismático de Lugo, combinando deporte e formación, posibilitando ao gañador vivir a experiencia de pilotar participando nun rally.

Esta iniciativa deportiva, con carácter absolutamente gratuito, que está posta en marcha pola Deputación de Lugo, consiste nunha selección onde os participantes recibirán un curso de condución para igualar e equilibrar coñecementos entre uns e outros. Celebrarase no circuíto da Pastoriza. O proceso de selección

estará supervisado por un xurado composto por pilotos, monitores de PTC Escuela e colaboradores deste proxecto.

O prazo para enviar os formularios de inscrición estará aberto ata o 14 de setembro de 2023 ás 13:00 horas. As prazas están limitadas a 160 participantes, e será por rigoroso orde de recepción das inscricións.

O titular do primeiro premio será seleccionado como piloto e participará no Rallye San Froilán 2023 dentro da estrutura do equipo de competición PTC de forma totalmente gratuita. O segundo e terceiro clasificados recibirán como premio unha formación específica de piloto recibindo un curso multidisciplinar de competición, curso ao que loxicamente tamén terá acceso o vencedor.

‘No Caminas Sola’ axudará a previr a violencia machista

A subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez, informou que a Campaña ‘No Caminas Sola’, por un Camiño de Santiago libre de violencias machistas, está presente en 390 puntos da ruta xacobea ao seu paso pola provincia de Lugo.

Explicou que a campaña trata de facilitar o acceso a todos os recursos e a sensibilizar, previr e denunciar as violencias sobre as mulleres. Con este obxectivo elaborouse un ma-

terial específico, que foi distribuído nos principais puntos de referencia para as peregrinas. En provincia distribúense 390 carteis e 7.020 tarxetas, editadas en español e inglés, en 162 albergues públicos e privados, 121 oficinas de farmacia, 52 centros hospitalarios, 23 postos da Garda Civil, 3 comisarías da Policía Nacional, 10 comisarías das policías locais e 20 oficinas de turismo en 31 concellos polos que pasan os camiños.

260.000 euros para mellorar a estrada que une Sarria e Paradela

A estrada provincial LU-P-5709, entre os concellos de Sarria e Paradela, está sendo mellorada grazas ao investimento de arredor de 260.000 euros que pon a disposición a Deputación de Lugo.

As actuacións, adxudicadas á empresa Excavaciones Santiños S.L., afectan a cinco quilómetros de vía, dende o punto quilométrico 5,9 ao 10,7. Os traballos, que teñen un prazo de execución de 2 meses, inclúen a limpeza de laterais da vía, obras de drenaxe, a extensión de aglomerado en quente e a sinalización horizontal e vertical.

Con este proxecto, a estrada que une Sarria e Paradela, dende a parroquia de Santa María a Castro de Rei de Lemos por Vilamaior, verá aumentada a súa seguridade e comodidade. En total, esta vía conta con máis de 14 quilómetros, dos que 3,9 son no Concello de Paradela e 10,3 pertencen a Sarria.

O pasado verán levouse a cabo ou-



tra actuación nesta mesma estrada á altura do quilómetro 8,140, que permitiu renovar cun orzamento de 20.000 euros a drenaxe existente neste punto, executando unha estrutura que serviu para canalizar a auga do Rego do Barcelo co fin de evitar filtracións de auga na calzada.

A Deputación leva investidos desde 2019 preto de 7 millóns de eu-

ros en infraestruturas viarias na comarca de Sarria a través de varias liñas de actuación.

Dos 4.200 quilómetros da rede de estradas provinciais, a máis longa de toda España e tres veces maior ca da Xunta de Galicia na provincia, máis de 300 quilómetros percorren os concellos desta comarca repartidos en máis de medio cento de vías.

Unións Agrarias clama en Lugo pola baixada do prezo do leite

89,2 millóns de euros. É a cantidade que as explotacións de leite de Lugo deixarán de ingresar este ano a consecuencia das reiteradas baixadas de prezo impostas polas industrias, segundo avanzou Unións Agrarias. A redución de tarifas que as granxas de viron na obriga de aceptar, primeiro en abril e agora de novo neste

mes de agosto, suporá unhas perdas de máis de 38.000 euros para cada unha das 2.344 granxas existentes nesta provincia. Logo da renovación de contratos deste mes de agosto o prezo medio que os gandeiros galegos perciben por litro de leite sitúase nos 0,48€; case 11 céntimos por debaixo do que cobraban a comezos de

ano. As sucesivas rebaixas impostas de xeito unilateral polas industrias prodúcense sen que exista ningunha razón de mercado que as avale. E, o que é peor: totalmente á marxe da evolución dos custos dos insumos, o que na práctica supón obrigar ás explotacións a cobrar por debaixo de custos de produción.

FONTANERÍA Y GAS
VILAR VALCARCEL S.L.

AEROTERMIA
SUELO RADIANTE
BIOMASA
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

SONDEOS CORDERO
Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!

Tfno.: 629 070 720
Triacastela Lugo

As obras do novo túnel de Oural atópanse ao 54 % da súa execución

As obras do novo túnel de Oural, que Adif está a levar a cabo cun investimento de 51,5 millóns de euros, xa se atopan ao 54 % da súa execución. Así, con case 1 quilómetro escavado e a un ritmo de 45 metros semanais, e a actuación de maior envergadura do proxecto de renovación do corredor Ourense-Monforte de Lemos-Lugo.

O delegado do Goberno, Pedro Blanco, desprazouse ata o municipio sarriao para coñecer in situ as melloras realizadas no túnel do Oural, que progresan segundo o calendario establecido, “unha vez superado o desafío técnico e de enxeñería que sempre supón poñer en marcha unha actuación destas dimensións e características, nas que están a traballar máis de 100 persoas”.

NOVO TÚNEL. A solución adoptada neste punto é a construción dun novo túnel de Oural (1,8 km) que substituirá ao túnel actual en servizo dende hai 140 anos, mellorando as súas prestacións. A súa construción, integrada nos proxectos de modernización do corredor ferroviario Ourense-Monforte de Lemos-Lugo, persegue unha dobre finalidade: mellorar o estado da infraestrutura e aumentar a fiabilidade das liñas e a calidade do servizo.

O novo túnel execútase paralelo ao actual, separado 30 metros entre eixos, que se manterá como galería de emerxencia, e dispoñerá de espazo suficiente para albergar a catenaria, así como aceira de emerxencia e galerías de evacuación, entre outros elementos. A estrutura expónse cunha sección de 52 m² en vía única (do mesmo xeito que os tramos adxacentes), que se executará desde as dúas fronteiras de escavación para minimizar os prazos de execución.



A montaxe de vía efectuarase ‘en placa’ no interior do túnel e parte do exterior, con pasos biviales para o acceso de vehículos de emerxencia ou mantemento.

O túnel contará con liña área de contacto (catenaria), sistemas de sinalización e comunicacións adaptados á nova solución proxectada, sistema de ventilación e sistemas de protección civil, así como instalacións de telecomunicacións e dúas zonas de instalacións auxiliares (ZIA), unha en cada emboquille.

Executaranse tres galerías transversais de evacuación, cunha distancia máxima de 500 m entre unha e outra. A sección de galería central será apta para vehículos, mentres que as laterais serán de tipo peonil. A adecuación do túnel actual como galería de emerxencia implicará a retirada de vía e balasto, a execución dunha soleira de formigón transitible, así como un tratamento de impermeabilización. Así mesmo, executarase un paso superior e dous camiños de emerxencias, un para cada boca.

ESCAVACIÓN. A escavación do túnel faise en dúas fases, utilizando me-

dios mecánicos e explosivos seguindo as directrices do Novo Método Austríaco (NATM). A fase de avance comprende a escavación da parte superior do túnel desde cada unha das bocas ata o seu encontro no interior, operación que se denomina “cale”.

Actualmente, o grao de avance da escavación é de 365 metros desde a boca Sur (lado Monforte) e 610 metros desde a boca Norte (lado Lugo), a un ritmo de 45 m semanais. Unha vez “calado” o túnel procederá a escavar os dous 2,5 m restantes da base ata conseguir a súa sección completa. Posteriormente, procederá ao revestimento de todo o túnel con formigón e á montaxe dos carrís sobre placa de formigón; ademais, colocaranse os elementos de electrificación e os equipos de protección e seguridade do túnel.

Como obras complementarias contéplanse a adecuación do túnel actual como galería de acceso e mantemento; a construción de dous camiños de acceso ás zonas seguras das bocas; a reposición dunha liña eléctrica e a construción dun paso superior para dar continuidade á estrada de Vilamaior.

Os hospitais galegos precisan sangue do grupo cero negativo

A Axencia de doazón de Órganos e Sangue (ADOS), convida a toda a cidadanía a doar sangue, en especial ás persoas do grupo cero negativo, cuxas reservas se atopan en niveis baixos.

En moitos dos labores asistenciais que se realizan a diario nos hospitais de Galicia son imprescindibles os compoñentes sanguíneos. Por iso, é imprescindible a xenerosidade e altruísmo de toda a cidadanía, polo que ADOS solicita un esforzo especial para incrementar as reservas de sangue, e conseguir entre 400 e 500 doazóns diarias de sangue, que garantan os compoñentes san-

guíneos necesarios para que os hospitais galegos desenvolvan o seu labor asistencial.

Ademais, as distintas unidades móbiles da Axencia de Doazón de Órganos e Sangue visitarán nestes días diferentes concellos galegos para conseguir as doazóns precisas que garantan o desenvolvemento asistencial dos distintos centros sanitarios de Galicia.

Pódese doar sangue nos locais de doazón existentes nas sete grandes cidades galegas. En Lugo está no HULA, de luns e venres das 15.00 ás 22.00 horas e martes, mércores e xoves das 08.00 ás 15.00 horas.

O curso empeza en Galicia o día 11 con 225.013 alumnos

O curso escolar 2023/24 arrancará en Galicia o vindeiro 11 de setembro cun total de 11.924 aulas para 225.013 alumnos das etapas de Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato no sistema educativo público. Isto supón un reforzo do número de unidades para o próximo ano académico en comparación co curso anterior (no que estiveron en funcionamento 11.916 aulas para as ditas etapas) malia rexistrarse case 2.000 matrículas menos (o curso 2022/23 foron 226.811 alumnos). Por etapas, o número de estudantes descende en Educación Infantil e Primaria, en concreto en 2.643 alumnos menos, e, en menor medida, en Bacharelato, con 115 alumnos menos. Pola contra, a ESO experimenta unha lixeira suba de 960 persoas, en base ás previsións dispoñibles pola Administración

na actualidade ata que se peche o proceso.

Para a escolarización no próximo curso, a Consellería recibiu arredor de 15.000 solicitudes de praza para nenos e nenas que entran por primeira vez nos colexios da Comunidade (concretamente o alumnado de tres anos que entra en 4º de Educación Infantil), para quen se oferta algo máis de 26.000 prazas dispoñibles no sistema.

Isto supón que preto do 58% das prazas de novo ingreso ofertadas quedan libres. É dicir, que o 99,2% do alumnado que solicitou praza en 4º de Infantil nos centros das catro provincias para este curso obtivoa no colexio escollido como primeira opción, polo que practicamente a totalidade das familias escolarizan os seus fillos na escola que demandan.



INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.

200 ANOS

Concello de Paradelá

o páramo

Aprobada unha modificación de crédito para facturas

O goberno local do Páramo aprobou unha modificación de crédito para reforzar varias partidas orzamentarias de gastos ata os 132.000 euros debido “aos costes derivados da inflación”, sostiveron.

Así, estes fondos irán destinados a pagar facturas de gasóleo e electricidade e salarios de persoal, tal e como informou o alcalde do Páramo, José Luis López.

Pola súa parte, Gumersindo Rodríguez, de Galicia Sem-

pre, preguntou no pleno por que se perderon horas do SAF subvencionadas pola Xunta de Galicia e o rexedor alegou a falta de persoal.

Da mesma maneira, o líder da oposición tamén se referiu a que non se están a utilizar os tractores municipais con desbrozadora para mellorar as estradas e solicitou que se contrate a unha persoa máis para a brigada de obras, en vez de contratar unha empresa externa.

O Goberno local está a levar a cabo diversas melloras en todo o termo municipal

O Concello está a levar a cabo diferentes actuacións para melloras as rúas, estradas e, en xeral, o acondicionamento do municipio para fomentar actuacións que axuden aos veciños e veciñas do Concello.

Así, estase a levar a cabo unha obra para suxeitar contedores, outra para mellorar o servizo de abastecemento das augas, outra para mellorar o polideportivo e dotar de novo material deportivo á veciñanza, estase reparando a vivenda en Moscán e estase a mellorar a pista que conecta Santandrea con San Mamede.

Con respecto a outras actuacións, o alcalde anunciou que o 1 de outubro comezará o servizo de Madrugadores no colexio para as persoas que o precisen, e o horario será de 07.45 horas a 09.15 horas.

GALICIA SEMPRE. Gumersindo Rodríguez, portavoz de Galicia Sempre, vén de demandar ao goberno local do Páramo que realice un plan de mellora das estradas do municipio, xa que teñen “moitos buracos”. O camiño de Teixeira, en Friolfe, o de Teixoeira, en Piñeiro, varios de San Mamede da Ribeira; son algúns exemplos das estradas que o portavoz de Galicia Sempre considera que están en mal estado e deben arranxarse coa implicación do goberno local.

Por outra banda, tamén fixo fincapé no feito de que hai que limpar as cunetas para protexer os firmes e o asfaltado do camiño de San Pedro en Friolfe, xa que é unha costa de 300 metros pola que baixa a auga cara a outra estrada.

O polígono de Loio servirá para recuperar terra produtiva

O conselleiro do Medio Rural, José González, delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, mantivo unha reunión cos veciños de Paradela, na parroquia de Loio, para abordar a posibilidade de crear un polígono na parroquia de Loio.

No polígono de Loio ocuparíanse unhas 23 hectáreas con 90 parcelas duns 25 propietarios, pero en total serían preto de 62 hectáreas, distribuídas en 204 parcelas duns 105 propietarios, segundo informan desde o Concello de Paradela.

Segundo explicou o conselleiro, propónse dedicar estes polígonos a gandaría en extensivo e cultivos agrícolas, incluíndo a posibilidade de recuperar antigos terreos dedicados á viña no ámbito da Denominación de Orixe (DO) Ribeira Sacra, co fin de darlle valor ás variedades autóctonas que caracterizan aos viños de Galicia.

Desde o goberno local quer



recuperar terra de boa capacidade produtiva abandonada ou infrautilizada de forma sustentable, creando actividade agrogandeira, fixando poboación e anticipándonos aos incendios forestais.

VIVEIRO DE EMPRESAS. O alcalde de Paradela, José Mato, acolleu a visita ao viveiro de empresas do municipio do portavoz do grupo provincial do Partido Popular, Antonio Ameijide, e da viceportavoz, Carmen

José López.

Durante a visita, Ameijide sostivo que é “inaceptable” que a Deputación de Lugo deixara “pasar cinco anos sen repoñer a instalación do alumeado público no polígono de Paradela”, polo que esixe a reposición inmediata do material.

Así, desde o PP din que dende o roubo da acometida eléctrica “non se fixo nada a pesar de telo adxudicado fai máis de catro meses, e o polígono continúa sen este servizo básico”.

A Asociación de Mulleres Rurais organiza unha viaxe termal o día 17

A Asociación de Mulleres Rurais de Paradela organiza unha nova actividade para o 17 de setembro despois de rematar a tempada de verán.

Esta actividade consistirá nunha excursión e viaxe termal na provincia de Ourense para a que as persoas participantes deberán pagar unha

cota de 55 euros se son socios e de 60 euros se non o son, que inclúen o traslado, a comida, as visitas, a experiencia termal e o seguro de viaxe. Así, sairase de Paradela ás 08.00 horas, xa que se parará no camiño para almorzar, e ao chegar a Ourense, visitarase as localidades ourensás

de Vilanova dos Infantes e Celanova, onde comerán. Xa pola tarde terá lugar o prato forte, un circuito termal no Balneario de Cortegada en grupos de 24 persoas e cunha duración de circuito de hora e media por cada grupo. Xa rematado o circuito volverán de volta a Paradela.

ARQUITECTO TÉCNICO

OTA

OFICINA TÉCNICA ARQUITECTURA

XOSÉ BRAIS PEREIRO CHAOS
arquitecto técnico

PROYECTOS TÉCNICOS / DIRECCIONES DE OBRA
COORDINACIONES DE SEGURIDAD Y SALUD
CERTIFICACIONES / INFORMES
TRABAJOS TOPOGRÁFICOS
ASESORAMIENTO TÉCNICO EN CONSTRUCCIÓN
URBANISMO

SARRIA (LUGO) T: 676 559 980

albisar
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

ESPECIALISTAS EN REFORMAS Y REHABILITACIONES

CUBIERTAS DE PIZARRA
COLOCACIÓN DE PIEDRA
ESTRUCTURAS DE NAVES
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

Atópase un círculo e o primeiro petróglifo do municipio paradelés

O Colectivo Patrimonio dos Ancares e a asociación Tir Na n'Og vén de comunicar ao Servizo do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia a localización dun novo círculo no Concello de Paradela, concretamente na parroquia de Ferreiros, entre as aldeas de Delle e Fruxinde, a unha altitude duns 700 metros, no monte coñecido como Riba das Chousas.

Nese lugar, os integrantes destes dous colectivos aseguran atopar unha estrutura circular duns 50 por 45 metros cun muro que a circunda en todo o seu perímetro duns dous metros de ancho e unha altura de arredor de medio metro.

A súa localización foi posible grazas á tecnoloxía LIDAR (topografía do terreo realizada con láser), que serviu para descubrir o achado, que logo puideron constatar ao visitar o lugar.

PRIMEIRO PETRÓGLIFO. A uns 400 metros do círculo, tamén localizaron o que se pode considerar o primeiro petróglifo do Concello de Paradela, que se atopa nas inme-



diacións da necrópole megalítica de Campo Maior, composta por dúas mámoas do período Neolítico (duns 6.000 anos de antigüidade).

Desde os colectivos aseguran que está moi erosionada, pero que documentaron unha combinación formada por tres círculos concéntricos con coviña central realizada sobre un afloramento granítico.

En Galicia, como acontece coa maioría das gravuras rupestres ao libre, trátase dun motivo enigmático, sendo obxecto de variadas interpretacións: representacións do sol, votivas, etc.

Ata esta descuberta, a única pedra, exenta, decorada do Concello de Paradela apareceu no castro da Croa de Barán, estudada por J. Carballo e publicada nun Boletín da Comisión de Monumento de Lugo no ano 1943, onde di que as liñas que se ven pertencen ao grupo de representacións ultra-esquemáticas que representan unha danza funeraria pertencente á Idade do Bronce, pero desde os colectivos cren que non se debe incluír nos gravados rupestres clásicos, senón entre os motivos decorativos bastante coherentes na época dos castros.

O pavimento de varias vías está sendo mellorado

O Concello de Paradela está a rexeñar o pavimento de diferentes vías e estradas do municipio co obxectivo de mellorar a comunicación entre as diferentes parroquias e así que os veciños teñan máis facilidades no seu día a día.

Así, están mellorando as vías das parroquias de Ferreiros, de Barán, de Feasita ao cruce Bustaregas e arredor da Capela San Roque e os límites con Reiriz.

Estas actuacións contan co apoio do "Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2023" da Deputación de Lugo, que financia estes traballos para que así o Concello non teña que asumir todo o gasto económico.

CAMIÑO DE SANTIAGO. Por outra banda, está a facer traballos de sinalización das parroquias e lugares por onde pasa o Camiño de Santiago co fin de mellorar o tránsito de peregrinos polo municipio.

Estas accións están sendo levadas a cabo grazas a unha axuda da Xunta de Galicia de 15.000 euros



cos que poderanse pór os nomes dos distintos lugares por onde pasa o Camiño de Santiago para que os turistas coñezan diferentes sitios de Paradela á par que van ben sinalizados para seguir de forma harmoniosa o seu percorrido.

Xa foron sinalizadas as parroquias de A Parrocha, A Pena, Vilachá, Ferreiros, As Rozas, Moimentos, Marcadoiro e Moutras; pero aínda quedan outras por sinalizar que se farán durante os vindeiros días.

ABIERTO PLAZO DE MATRICULA | CURSO 23/24

HEIKO

ESCUELA MUSICAL-CREATIVA

MÚSICA PARA PEQUEÑOS Y MAYORES

MÉTODO MUSICAEDUCA:
APRENDER DIVIRTIÉNDOSE

Único centro autorizado en Lugo

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación musical de 5 a 8 años (grupos de violín, piano, guitarra y percusión).
- Formación musical desde 9 a 100 años con metodoloxías activas e innovadoras en clases individuais y colectivas.
- Batería, canto, piano, violín, violonchelo, guitarra, bajo, gaita, pandereta...

Clases de refuerzo y preparación para las pruebas de acceso al conservatorio.

¡PREGÚNTANOS SIN COMPROMISO!!!

DESDE LOS 10 MESES HASTA LOS 100 AÑOS
Música - Baile - Batucada - Robótica - Teatro y... ¡mucho más!!!

Infórmate de días y horarios en nuestras redes sociales
heiko@musicaeduca.es
+info 687 582 559

@heikolugo
 @heikolugo

Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

Un mural dun gran carballo adorna o Ceip de Triacastela

O artista Rubén Paz, tamén coñecido polo seu proxecto Trece Trazos, vén de decorar unha parede do Ceip Eduardo Cela Vila de Triacastela cun mural no que representa un dos maiores símbolos de Triacastela, o carballo.

Así, mediante as súas pinturas e o seu talento, o artista agasallou aos veciños e ás veciñas do municipio, así como os nenos e nenas que acoden ás aulas agora en setembro, cun deseño dunha árbore tan significativa para o Concello como o carballo.

Ademais do carballo, no mural pódense ver un neno e unha nena coas mochilas para ir ao coleio



e, de fronte, o río Oribio, un dos maiores atractivos paisaxísticos e turísticos da paisaxe de Triacastela.

A XI Feira da Artesanía e Produtos da Zona será o 23 de setembro

O vindeiro 23 de setembro terá lugar a XI edición da súa Feira de Artesanía e Produtos da Zona do Concello de Triacastela, no que poderán participar todos os artesáns interesados en expoñer aos veciños e veciñas e visitantes os seus produtos.

Estes deberán dispoñer da carta de artesán e anotarse chamando ao Concello de Triacastela ou achegándose ata a Casa Consistorial, onde poderán coñecer todas as características dos postos que poderán poñer para o desfrute de todas as persoas que decidan pasar o día neste municipio da comarca sarriá.



Está previsto que, ademais dos expositores, haxa música e postos onde comer, como polbeiros e churrasco, para poder pasar o

día e desfrutar plenamente desta tradicional festa. Entre a programación, ademais, tamén está previsto que haxa cantos de taberna.

Atopáronse cuarzo e cuarcita nas escavacións da Cova Eirós

Os doce arqueólogos que están investigando o xacemento da Cova Eirós de Triacastela veñen de descubrir nas inmediacións da cova materias primas como cuarzo e cuarcita, sílex e cristal de rocha, estes últimos máis afastados.

Por esta razón, a Fundación Palarq decidiu financiar unha nova investigación sobre os cuarzos da Cova Eirós, xa que tamén apoia a máis de 500 equipos españois que traballan no eido da arqueoloxía e da paleontoloxía. Os investigadores, pola súa banda, xa comezaran a estudar as ferramentas feitas en cristal de



rocha durante a campaña deste ano, pero teñen que poñer en común todo o material atopado e analizado e, coa axuda de Palarq, realizar unha análise

xeoquímica nun laboratorio da University of Lorraine para determinar se algún obxectos da Cova Eirós se corresponden co Paleolítico Superior.

A alvariza quere ser promovida para acoller máis eventos

O Concello quere potenciar a alvariza histórica do municipio como unha sede cultural despois de que o pasado 17 de agosto se celebrara a Festa do Peregrino, o día de San Mamede e unha ruta guiada con Guido Guía e a Fundación Legar. Durante esta xornada, as persoas participantes achegáronse ata esta construción da montaña lucense, convertida en anfiteatro, para desfrutar da música de raíz interpretada por Xabier Blanco.

Por esta razón, o Concello ten a intención de potenciar e promover que se leven a cabo actividades culturais nesta alvariza para ser escenario de novas actuacións.

HISTORIA. A alvariza foi construída por un veciño de Triacastela, Pedro Pardo, no século XIX co obxectivo de protexer os enxames de mel do seu avó do oso que había na montaña. Porén, nos anos 50 desapareceu o oficio e a alvariza deixou de utilizarse, polo que a Fundación Oso Pardo traballa desde hai anos por recuperar este tipo de estruturas. Así, esta alvariza, á que se chega despois dun paseo dun quilómetro e medio desde a Praza do Concello, poderá servir para acoller diversas actuacións musicais, actuacións teatrais e actividades para os nenos e nenas do Concello.

Muévete
a **BigMat**
viñas

982 530 060
www.bigmat.es

BigMat Viñas en el Polígono de San Julián de la Vega de SARRIA con más de 6.000m² de instalación en baños, bricolaje, electricidad, fontanería, herramientas, jardinería, materiales de construcción, pinturas y decoración.

Parking gratuito Autovía

COMPRA-VENTA DE MADERA
Más de 30 años en el sector

MANUEL DÍAZ DÍAZ
MADERAS PENEDO

¡Venda su madera!!!
Llámenos sin compromiso.
Trabajamos toda la comarca de Sarria.
Nosotros nos encargamos de todo.

Tels.: 616008540 • 619678989
Grallas, 13 - O Páramo



Pontenova
mesón restaurante

Amplia terraza de verano
Servicio de catering
Comida casera
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering_meson_a_pontenova
 Meson pontenova

RIO LOYO
Restaurante



982 535 334
697 491 756
Calvo Sotelo, 124
27600 SARRIA
(Lugo)

A Pulperia Do Luis

Mesón Castro

Domingo noche / lunes cerrado
Amplia terraza de verano
Comida para llevar

Reservas
Cimo de Agra, s/n · Sarria / Telf. 982 041 697



HOTEL A VEIGA

Calle Compostela 61
Samos - Lugo
Reservas: 982 546 052
www.hotelaveiga.es

- PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO
- TERNERA GALLEGA SUPREMA
- ASADOS EN HORNO DE LEÑA
- ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:
Telf. 982 546 063



O MIRALLOS

Comida Casera
Cocidos por encargo
Pollos camperos caseros
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela
RESERVAS:
TEL.: 639 010 696



Os pequenos pintaron un colorido mural



Rematou o taller de arte urbano organizado polo Concello de Láncara e no que puideron participar nenos e nenas de 6 a 16 anos.

Este obradoiro celebrouse durante cinco días na Pobra de San Xiao, fronte á casa do concello.

Nel, os cativos recibiron tanto

clases teóricas como prácticas de técnicas de graffiti da man de Diego As e Manuel Seijas.

Os nenos pintaron un gran mural que conta con diferentes cores e debuxos que foron plasmados polos pequenos artistas tralos bocetos previos que prepararon conxuntamente cos grafiteiros.

Láncara acollerá o espectáculo teatral 'Pinconús' o sábado 16

O vindeiro 16 de setembro, Láncara acollerá un espectáculo de comedia musical para todos os veciños e veciñas do municipio a partir das 12.00 horas, que terá lugar no espazo polifuncional do campo da feira da Pobra da San Xiao e estará dirixido por José Campanari coa música de Piti Sanz.

Baixo o título de 'Pinconús', este grupo teatral interpretará unha escena na que na estación de

tren de Aquimesmo, un viaxeiro decidido a deixalo todo para chegar ao seu novo lugar de traballo atópase cunha viaxeira que quere ser a única que colla o tren.

Mediante o humor e a música, xúntanse na escena para xogar unha espera de absurdos encontros e desencontros co fin de chegar a ese lugar ao que todos queren ir, pero moi pouca xente se atreve, chamado Pinconús.

A CHMS substituirá a ponte que se atopa sobre o río Sarria

O goberno local de Láncara conseguiu que a CHMS se encargue da substitución da ponte que se atopa sobre o río Sarria no núcleo de Supena despois de que se publicara no BOE un anuncio da CHMS no que se informa publicamente do proxecto.

Así, a CHMS será a encargada de cambiar a ponte, que presenta un estado deficiente de conservación, polo que se viu necesaria a reparación da súa estrutura xa desde o pasado 3 de febreiro, cando se firmou o protocolo de compromiso entre as dúas entidades.

A inversión para acometer es-



tes traballos será de máis de 750.000 euros, financiados no seu 80% polo pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil e o 20% polo Concello de Láncara. as obras contemplan a demo-

lición completa da estrutura existente e a construción dunha nova ponte de dous carrís, mellorando a comunicación de máis de 200 veciños dos núcleos de Ronfe e Pousadela.

As parroquias de Láncara celebran as festas pola Virxe dos Dolores

As parroquias de Armea de Abaixo e Santa María da Lama, de Láncara, acollen as festas na honra á Virxe dos Dolores os vindeiros 16 e 17 de setembro.

Durante estas festas, os veciños e veciñas do municipio de Láncara poderán achegarse para desfrutar da música, da gastronomía e da troula que acompañará estes días. Así, o sábado 16 haberá unha gran pancetada e verbena amenizada co Dúo Carpe Diem, o DJ Carlos Comic e o DJ Xavi Mallo durante a tarde e a noite.

Pola súa parte, o día 17, domingo, comezará a xornada cunha misa solemne ás 13.00 horas seguida



da sesión vermú amenizada polo Grupo M-3 Show. Xa pola tarde, a partir das 18.00 horas, terá lugar a sesión de tarde co DJ Adolfo Valiño, mentres os máis pequenos desfrutan as colchonetas que ha-

berán no campo da festa ata as 20.00 horas.

Por último, á noite os asistentes poderán desfrutar da festa na que actuará o Grupo M-3 Show e o DJ Adolfo Valiño



maderas grandas




MADERAS Y DERIVADOS

PUERTAS

ARMARIOS

COCINAS Y COMPLEMENTOS

TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)

Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731

www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com



Talleres TITO

Carpintería metálica

Reparación de Maquinaria Agrícola y Carrocerías

Fabricación de material Ganadero




Polígono Industrial O Morelle, parcela 26, puerta A. Sarria

Tel.: 609 171 168

Organízase unha comida en homenaxe ao Don Enrique Cajiao

O Concello organiza unha comida en homenaxe a Don Enrique Cajiao o 17 de setembro pola súa xubilación despois de 34 anos de servizo en Láncara como médico. "Queremos brindarlle a homenaxe que se merece", sosteñen desde o goberno local e animan a todos os veciños e veciñas a participar desta iniciativa.

Así, a comida terá lugar no Campo da Feira da Pobra de San Xiao a partir das 14.00 horas e para poder participar da comida popular haberá que mercar a entrada en varios establecementos colaboradores.

“Láncara é o meu refuxio, onde comezou o meu amor pola escritura”

Rocío López, nada na parroquia de Monseiro, é escritora de novela negra

De onde vén o seu amor pola escritura?

O meu amor pola escritura vén desde ben pequena. Gustábame moito o tipo de lectura detectiva, pero non tiña de pequena o acceso que hai hoxe a tanta diversidade de lectura. Eu collía libros da biblioteca e empecei por aí, lendo e creando as miñas propias historias na miña habitación.

Cando comezou a escribir?

Comecei a escribir cando perdín o meu primeiro traballo. Eu son unha persoa súper activa e necesitaba facer algo como fose. Así, empecei de broma xerando unha historia e cando rematei a metín nun caixón. Meu marido, que era a única persoa que sabía o que eu estaba a facer, animoume a que ese esforzo non quedara así e que polo menos o vira recompensado dalgunha maneira, aínda que fose para dárllelo aos amigos. Aínda que non foi a intención principal, decidimos buscar unha editorial de autoedición moi pequena que practicamente non nos fixo nin caso, non corrixiu o libro, pero aínda así sacámolo adiante con tan boa sorte de que empecei a darme de conta de que á xente lle gustaba o que escribía e comezaron a chamarme para facer presentacións e máis cousas. Así, o libro comezou a venderse e incluso esgotáronse.

De que trata a súa primeira novela?

A primeira novela titúlase ‘Nunca volverás a Pikeville’ e trata da historia dun asasino en serie na cidade de Nova York de Estados

Unidos. Esta obra está protagonizada por un detective, unha persoa atormentada, que comeza a darse de conta de que hai moitos asasinatos na cidade, polo que comeza a investigar. Mentres, a súa compañeira dáse de conta de que os asasinatos teñen que ver con el moito máis do que el está disposto a asumir, polo que el enfróntase con ela e teñen unha relación persoal moi intensa. O que creo que máis lle pode crear interese ao lector é que xero interese porque os capítulos son curtos, concisos e contados desde o punto de vista cada vez dunha personaxe distinta. É unha forma de escribir interesante que xera interese e enganxa á xente.

Está traballando nunha nova novela, podería adiantarnos un pouco?

A última novela que estou escribindo é distinta, pero segue sendo novela negra. Quero darlle un pulo totalmente distinto ao que fixen coa última que teño publicada, ‘Eres sombra’, xa que creo que chegamos a un punto no que necesitamos arriscar ao máximo aínda que poidas equivocarte, pero tamén podes acertar. O que podo contar ata o momento é que é nunha cidade dura e fría, pero preciosa. Estoume acomodando ben a escribir nesta cidade unha novela que arranxa cun asasinato de tres persoas nun xeriátrico: dous anciáns e unha persoa que non ten que ver nada co lugar. Así, os detectives e unha xornalista, que é a primeira vez que introduce este tipo de perfil, xa que sempre foron policías; co-

mezan a investigar eses asasinatos que son brutais, pero que son totalmente distintos entre os tres e aparentemente tampouco teñen nada que ver coa xornalista, que é quen lle vai dar o impulso á investigación.

Aféctalle as críticas?

Aos clubs de lectura hai que ir coa mente aberta, sabendo que che poden dicir de todo. Non teño ningunha experiencia desagradable, sempre me enriquece moitísimo e sempre que vou estou disposta a todo. Todo isto sácame do meu ego, sácame do meu mundo e tes que expoñer a túa criatura ante a xente, abrirete en canal e ver o que aporta. Debemos entender as críticas positivas e tamén as cousas que che din para mal, debes quedarte con elas e construír a partir de aí.

Que é o que lle inspira para escribir?

Escribir foi o que me salvou de pequena vivindo eu sola no rural. Antigamente, o rural non era como o coñecemos agora, que estamos todos interconectados. Eu estaba soa no rural, practicamente illada e, a pesar diso, nunca quixen marchar do rural. É o meu refuxio. ¿Pero por que conseguín converter algo que en principio era negativo en algo positivo? Porque fun capaz de abrir mundo poñéndome a escribir no lugar que agora é o meu refuxio e a miña inspiración. Eu era unha nena moi solitaria, pero porque eu quería en gran parte. Eu sentíame cómoda comigo mesma e cos meus libros. Cando conseguín



arriscar e poñerme a escribir non foi algo que me custase moito, porque eu levaba isto dentro de min. A escritura é un refuxio para min, dáme igual dedicarlle 10 minutos ao día, pasar un mes sen escribir ou pasarme tres meses seguidos escribindo.

Láncara é un lugar que inspira ou caracteriza as súas novelas?

Láncara é un refuxio. Eu podo escribir en calquera sitio: colgada dun pino, sentada nun tren ou metida nun coche, pero o sitio que a min me relaxa é onde vivo. Eu sento na casa diante de todo ese verde e esa tranquilidade e esa paz transmítenme ganas de escribir. Ademais, eu escribo xustamente do contrario ao que a min me fai sentir en casa, pero iso é o que necesita para que a miña imaxinación vaia cara a un lado, mentres eu sigo vivindo no rural. Eu síntome moi afortunada porque atopei a unha persoa, o meu marido, que quixo virse ao rural, polo que eu nunca me vin obrigada a marchar e iso sempre llo vou agradecer, porque aquí está o meu lugar, o meu refuxio. Non me gustan as persoas que rexeitan de onde veñen. Meu pai era gandeiro e a miña nai ama de casa e pasámolo fatal, pero

non me sinto avergonzada do que son, son de alí e estou súper orgullosa da xente do rural que conseguiu algo na vida, xa que lle custou moito máis que a unha persoa que tiña máis posibilidades e non o soubo aproveitar. Todo isto é como unha homenaxe a todas as persoas que viven no rural.

Cal é o seu xénero e escritor preferido?

Agora mesmo non leo practicamente nada porque non teño tempo e, ademais, son das persoas que se escribo non podo ler ao mesmo tempo, necesito que as actividades estean separadas. O meu xénero favorito, obviamente, é a novela negra, pero encántame a novela de terror escrita por Stephen King. A min, como como lectora, provocoume medo e apareceu un sentimento tan poderoso que me enganxou de semellante maneira que non puiden deixar de coller todo o que tiña ese home. Non é o xénero que máis me gusta, pero para min é o rei absoluto. Calquera cousa que escriba está ben, a pesar de que hai un libro que non conseguín terminar de ler. Ata os bos teñen libros que non son tan bos.

**PREFABRICADOS
Y HIERROS
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en urallitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

Arranxada a vía de acceso á parroquia samoense de Portela



O goberno local de Samos vén de mellorar o pavimento no vial de acceso á parroquia de Portela de Lúzara, onde xa se puideron celebrar as súas grandes festas.

A alcaldesa, Chus López, sostén que a estrada arranxada “estaba en moi malas condición” e que o tiñan levado en varias ocasións a pleno en anteriores mandatos, así como houbo “reiterados escritos tanto dos veciños como do valedor do pobo”.

En definitiva, di, “era algo que levaba moitos anos pedindo a veciñanza” e nós fixémoslo nun traballo

arduo e contrarreloxo, co fin de tela lista para as festas e “levando nós aí no Concello pouco máis dun mes”, argumentou.

AXUDAS. Ademais, explica que grazas á un convenio firmado coa Deputación de Lugo e “en tempo récord” fíxose o proxecto o convenio e conseguimos a financiación para facer o traballo.

Así, a alcaldesa de Samos quixo agradecer e recoñecer “a todos e cada un dos que fixeron posible que esta obra este afeita o seu duro traballo”.

Veciños de Lúzara uníronse para homenaxear a Fiz Vergara

O lugar de Santalla de Abaixo foi o escenario da representación teatral do conto de Fiz Vergara Vilaño: ‘Historia dun tolo que sabía tocar o clarinete’ polo grupo ‘Milrosas Teatro’.

Preto de 20 actores, entre os que se atopan a familia e os veciños de Fiz, contaron a historia dun home que se pasaba a vida indo de al-

dea en aldea co seu clarinete e o seu can para “alegrar o corazón das súas xentes”.

Xunto á representación teatral, os asistentes desfrutaron do acompañamento da música en vivo de Luís Quintana, un dos membros do grupo Airiños da Freba, nun evento no que a música e o teatro serviron para recordar ao escritor.

O 30 de setembro o colexio local celebra o seu 40 aniversario

O CEIP Samos celebra o vindeiro 30 de setembro un conxunto de actividades para conmemorar o seu corenta aniversario desde que se construíu a escola no 1983.

Noelia Pillado, responsable do centro, explica que a idea era celebrar esta festa en horario lectivo, pero moitas persoas vencelladas ao centro educativo, agora non viven en Samos e durante a semana non podían asistir, polo que se decidiu a facerse o sábado, 30 de setembro, para promover que participe “canta máis xente mellor”.

Así, están convidados ex profesores, ex alumnos, ex pais e nais, equipo docente actual, o alumnado de hoxe en día e tamén as persoas que acompañan a eses menores, pais, nais e titores.

ACTIVIDADES. Esta iniciativa, promovida e organizada pola dirección do centro coa axuda da Anpa, contará con diversas actividades, tanto para os nenos e nenas, como para os adultos, que desfrutarán dunha tarde de sábado entretida.

Tampouco faltará a comida para



tomar algún pincho xuntos e compartir experiencias, vivencias e nostalxias; así como será un momento para poñer en valor o colexio rural e promover iniciativas que fomenten que se manteña e aumente en capacidade de alumnado.

ÉXITOS E COLABORACIÓN. Desde a dirección din estar moi orgullosas de conseguir sete matrículas novas para este curso, o que suma un total de 22 alumnos, xa que o ano pasado había 17 e dous alumnos promocionaron e pasaron ao instituto, o que lles faría quedarse

en 15.

“A labor da Anpa foi moi importante para que puidéramos conseguir esas sete novas matrículas e faremos todo o posible por seguir aumentando o alumnado para mellorar a calidade educativa, pero tamén fixar poboación en Samos”, sostivo Noelia Pillado.

Ademais, explican que actualmente teñen moi boa relación co goberno local de Samos, encabezado pola alcaldesa, Chus López, que está a prestarlles toda a axuda necesaria para mellorar o colexio e fomentar as actividades que se realizan nel.

Os populares critican que se perdera a contraración dunha brigada forestal

Miguel Gallego, o voceiro do Partido Popular de Samos, móstrase crítico coa “falta de xestión da alcaldesa” por perder unha brigada de cinco persoas que poden loitar contra incendios forestais e financiada pola Xunta.

O popular sinala que “o noso Concello queda sen a oportunidade de que eses empregados realizaran labores de roza en pistas e zonas de monte e, nun concello rural coma o noso,

onde boa parte do terreo forestal está cheo de silvas e maleza que fan que os camiños estean intransitables, este tipo de traballos son fundamentais para previr incendios”.

O voceiro do PP no municipio convida á rexedora nacionalista a demostrar con feitos o que promete, xa que, di, “temos a sensación de que todo é pantalla e festas; pero traballo e xestión, nada”. Por iso, insta á alcaldesa a “xestionar debida-

mente as necesidades do Concello”.

GOBERNO LOCAL. Desde o goberno local defenden que intentaron conseguir a brigada, pero que non o conseguiron porque “cando nós chegamos non estaba iniciado ningún proceso de contratación de brigadas e ao final non se puido facer porque o capataz que quedaba non quixo”.

Así, explican que non é este o primeiro ano que non hai brigadas, senón que non hai brigada desde o ano 2018, catro anos nos que o goberno local foi o de Julio Gallego, pai do actual portavoz do Partido Popular de Samos, o que critica que non hai brigada.

A pesar de non conseguir a brigada, Chus López defende que, desde o primeiro día que entraron no goberno, levan facendo labores de prevención de incendios a través de desbroces con tractor en dúas quendas, pola mañá e pola tarde, unhas actuacións que non se fixeran antes.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS

CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo) • Tel.: 672 149 386 / 982 009 270
caminofrances.aluminios@gmail.com

STIHL

TEMPORADA PRIMAVERA 2023

PREPARA TU JARDÍN CON LAS MEJORES OFERTAS

Ferretería Sarria

Pedro Saco 33, Sarria. Telf. 982 532 202

“Levamos 43 anos traballando por ofrecer o mellor servizo”

Iría Rodríguez, xerente do Mesón A Pontenova de Samos

Que tipo de comida ofrecen?

Ofrecemos comida de tipo tradicional, ofrecemos carnes á grella de tenreira e vaca, troitas e anguías, carne de caza por encargo, pratos de culler caseiros e pescados frescos.

Ofrecen menú do día? Por canto e que inclúe?

Ofrecemos menú do día que inclúe un primeiro e segundo prato e sobremesa, café e a bebida por 15 euros.

Cal é o prato forte no Mesón A Pontenova de Samos?

Son varios os pratos fortes do noso restaurante, como os callos, as ameixas á mariñeira, rape Santurce e os chuletóns de tenreira e vaca.

Cal é a sobremesa máis pedida?

As nosas sobremesas son artesanais e as máis pedidas son a tarta de leite ao forno, a tarta

de queixo e a tarta de coco.

Como é o tipo de cliente?

Temos de todo, tanto clientes locais como turistas que pasan polo noso Mesón ao seu paso polo Camiño Francés do Camiño de Santiago.

Teñen clientes fieis que adoitan ir?

Si, temos clientes habituais, tanto pola semana como os fins de semana. Ademais, durante o verán hai familias que veñen todos os anos.

Como son as instalacións do lugar?

Temos un amplo lugar para acoller todo tipo de clientes e tamén eventos. O mesón é grande por dentro e contamos con dous comedores interiores. Ademais, tamén temos moito espazo no exterior que inclúen dúas terrazas exteriores e unha cuberta,

todo iso rodeado dun gran xardín decorado para todo tipo de celebracións.

En que zona está localizado?

Estamos en Samos, pasando o Camiño Francés nunha contorna verde rodeada de casas de turismo rural, que fan que o noso mesón teña máis encanto, se cabe, non só pola calidade da nosa comida e polo noso servizo, senón tamén polo lugar privilexiado no que nos atopamos e que fai que a xente quede contenta e queira repetir.

É necesario un local deste tipo en Samos?

Si, xa que a zona é turística e a comida que ofrecemos é tradicional, polo que é como estar comendo na casa da avoa.

Saben de boa man que a xente queda contenta co servizo porque volo din?



Si, temos clientes que ao mellor levan sen vir 20 anos porque non son de aquí e teñen o recordo de que se come moi ben, e sempre din que seguimos igual, fomentando a calidade da nosa comida e ofrecendo o mellor servizo.

Fan servizo de pedidos para recoller e de levar á casa?

Facemos pedidos para recoller no establecemento e algunha vez subimos comida a casas de turismo rural da zona.

Organizan eventos no mesón? Vodas, bautizos... Por que vos elixen?

Si, celebramos eventos, sobre todo bautizos e comuñóns. As

persoas elixennos porque levamos 43 anos traballando e ofrecendo os nosos servizos, cos que a xente queda contenta. Así, moitas celebracións son de varias xeracións de familias, ao mellor fixeron os pais o bautizo dos fillos e agora fan a comuñón.

Como é o servizo de catering?

O servizo de *catering* xurdiu a raíz do confinamento e a verdade é que imos tendo moito traballo. Estamos equipados con varios camiións, onde levamos as cociñas e os mobiliarios necesarios para cada tipo de evento do que nos chaman para participar e estanos indo ben. A ver que nos depara o futuro, pero queremos seguir nesta liña.

Lóuzara acolleu unha ateigada Feira da Artesanía, co apoio da Deputación

A Feira da Artesanía acolleu a presenza de artesáns que mostraron os seus oficios tradicionais en forma de obradoiros e talleres en directo.

Ademais dos diferentes postos de artesanía, tamén estivo presente un da Anpa do Ceip Samos con diferentes obxectos feitos polos nenos e nenas de Samos durante o campamento de verán.



Unha iniciativa poñerá en valor os produtos de Samos

Un obradoiro de emprendemento da Fundación Juana de Vega e Xeodestino O Courel incitou a idea de promover a gastronomía e os produtos locais de Samos despois de que a alcaldesa participara no evento. Así, os hostaleiros de Samos están pensando en levar a cabo unha iniciativa de promoción para o vindeiro mes de outubro co fin de apostar polo produto

local e crear unha oferta atractiva que impulse o recoñecemento do Concello e a súa posta en valor.

Ademais, o taller tamén serviu para coñecer as liñas de axuda e de asesoramento para poñer en marcha diferentes proxectos en base á sustentabilidade en Samos, pero tamén noutros concellos, como son O Incio, Triacastela e Folgoso do Courel.

GALEGA

GM419// Compacto de 90x190 con 3 cajones inferiores, cama intermedia en tonos actuais.

695€

GM420// Práctico armario juvenil de 2 puertas, consideras de medidas 99x225x57 en tonos actuais.

555€

GM421// Escritorio composto por estantería sobre encimera con 2 estantes de 52cm de ancho, buck de 49cm con 2 cajones y hueco, encimera recta de 200cm y buck de 3 cajones de 49cm en tonos juveniles.

455€

diseño & Confort

Ven a Visitarnos, Te esperamos!

Muebles SINDIN

VENTA DE MUEBLES EN GENERAL

PARADELA, Sarria (Lugo) - Fax: 982 541 297
Telf.: 982 541 066 - Móvil: 609 944 676
mueblesindin@gmail.com / www.mueblesindin.com

PORTOMARIN

SARRIA

www.galegadolomobile.com

SALONES
DOMINIOS
SOFÁS
JUVENILES
DESCANSO
Y MUCHO MÁS...

CARNICERÍA

Noda

TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

Diego Pazos 91 Bajo, 27600 Sarria
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

A Furgoteca volve ata Santa Cruz cos seus libros e unha charla coloquio

A Furgoteca estará o vindeiro venres 22 de setembro no Concello do Incio percorrendo o municipio para ofrecer libros para os máis pequenos, pero tamén para todas as persoas que queiran.

A biblioteca móbil da Xunta estará en Santa Cruz do Incio desde as 12.50 horas ata as 14.50 horas no Centro Sociocultural. Así mesmo, de 18.00 a 19.00 horas haberá unha charla coloquio e presentación do libro *La carta que nunca leerás*, de Patricia Rivas.

Xa estivera no Incio o pasado día 6, percorrendo nese caso as parroquias de Eirexalba, Laiosa, Penaxubeira, A Cervela e Santa María do Mao.

A XXI Volta Ciclista a Galicia pasará polo termo municipal incio

O Incio será unha das tres vilas lucenses que acollerá a XXI Volta Ciclista a Galicia do 14 ao 17 de setembro. Esta proba consta de catro etapas nas que competirán 16 equipos, a metade deles galegos. Trátase de Vigo Rías Baixas, Aluminios Cortizo, Supermercados Froiz, High Level G. Tormo, Lasal Cocinas Louriña, Retelec Ambilamp, Oiense Escuela Estévez e Club Ciclista Vigués. A eles súmanse formacións de Madrid, Navarra, Extremadura, Cantabria, Castela León e Asturias. O percorrido da Volta a Galicia arrinca con dúas xornadas na Pobra do Brollón. Esta localidade

acollerá o xoves 14 una contra relox individual de 6,7 quilómetros e ao día seguinte será o punto de saída e de chegada dun itinerario de 148 km, que inclúe tres portos de montaña.

As localidades que visitará nos percorridos das distintas etapas na provincia lucense son Bóveda, O Incio e A Pobra de Brollón.

Nesta proba homenaxéase a Gustavo César Veloso, un dos grandes referentes do ciclismo autonómico durante as dúas últimas décadas. Foi gañador dunha etapa da Volta a España e da xeral da Volta da Catalunya.

O PP esixe que se poña en valor a Casona

O portavoz do grupo Popular na provincia de Lugo, Antonio Ameijide, e a viceportavoz, Carmen José López, visitaron a Cruz do Incio para ver o estado da Casona do Incio, un inmoble histórico que ten gran valor para os veciños e veciñas.

Así, os populares denuncian o “estado ruinoso no que se atopa como consecuencia de 16 anos de abandono por parte dos distintos gobernos socialistas e bipartitos na Deputación Provincial” e urxen ao goberno da Deputación de Lugo a dar pasos en firme para facer realidade a recuperación e posta en valor da Casona do Incio. Xunto co alcalde do Incio, Héctor Corujo, que amosou a súa decepción e preocupación polo

estado da Casona, os populares comprobaron que “os tellados das distintas edificacións están practicamente caídos na súa totalidade, está en risco a propia estrutura do inmoble e pon en perigo incluso aos veciños que pasen preto del”.

Así, defenden que “coa chegada dos gobernos do PSOE e o BNG á Deputación, o convenio firmado polo goberno do PP co Concello no ano 2006 para a rehabilitación da Casona do Incio quedou nun caixón” e os populares teñen reclamado en numerosas ocasións que se cumprira o acordado, en consonancia co que queren os veciños, que no 2018 se manifestaron contra a súa demolición, pedindo a súa rehabilitación.



FEIRA DE ARTESANÍA. A XIII Feira de Artesanía e Produtos da Terra na Cruz do Incio congregou a centos de persoas arredor dos postos de artesanía que estaban na praza do Concello. Ademais dos postos houbo obradoiros, que estiveron abertos para todo o mundo que quixera participar, e tamén unha amenización musical dun grupo de música tradicional.

Os nenos do campamento prepararon un festival musical



Os nenos e nenas do campamento de verán, que tivo lugar entre os meses de xullo e agosto coa organización do Concello e impartido pola entidade Creados, celebraron a súa última actividade no marco deste programa educativo, que consitiu nun festival baixo o nome do ‘O son do Incio’.

Protagonizado polos nenos e nenas do Concello, durante a mañá

de mércores os veciños e veciñas do Incio puideron desfrutar dun espectáculo de música, baile e traxes diferentes diante do antigo mercado gandeiro.

Ao longo de todo o verán, un total de 34 nenos e nenas foron pasando polo campamento, no que fixeron actividades e xogos moi divertidos, como demostraron na actuación do Festival ‘O son do Incio’.

O goberno local deu a coñecer os festivos do ano 2024

O goberno local do Incio deu a coñecer no pleno os festivos locais do vindeiro ano 2024 para que os veciños e veciñas saiban cando terán días de descanso no municipio do Incio.

Así, o alcalde, Héctor Corujo, informou de que o martes de Carnaval e o día de San Eufrasio, o 15 de maio, serán os festivos locais no Concello do Incio.

Por outra parte, no pleno aprobouse por unanimidade entre os diferentes partidos do Concello apoiar a Anpa do Ceip Ricardo Gasset e mandar unha proposta da Alcaldía á Xunta de Galicia para promover que se leve a cabo un plan específico para colexios rurais, como o do Incio.

Éxito rotundo do XI Rally Turístico Terras do Incio

O XI Rally Turístico Terras do Incio tivo lugar estes días no que as Terras do Incio captaron as miradas de admiración dos participantes

O Rally saíu o día 5 de Sober, percorrendo a Ribeira Sacra, con parada en Castro Caldelas e visita ao Museo do Ferrocarril de Monforte; despois pasou polo Incio e logo cara a Arteixo, no Museo de Automoción e Historia (MAHI) e, de aí, partiu cara a Ribadeo. Por último, os participantes despedíronse do evento cun percorrido polo Monte de Santa Cruz e unha visita á Fábrica de Sargadelos.

ALBORADA
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURXÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

y mucho+

URGENCIAS 24H
646 046 954

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59
Rúa Caneiro, 1-3, baixo · 27600 · Sarria · Lugo

Vazquez Autos

pelayo
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126
27600 - SARRIA (Lugo)
Tel. / Fax: 982 530 707
Móvil: 669 199 533
vazquezautos@hotmail.com

DEPUTACIÓN

A Deputación asesorou a 1.230 empresas co plan Acelera PEMES

Atendéronse máis de 1.600 consultas dende a súa posta en marcha hai medio ano co despregue de 7 axentes dixitais que percorren as comarcas

A Deputación de Lugo xa prestou asesoramento gratuito a 1.230 empresas da provincia de Lugo en materia de transformación dixital grazas ao programa Acelera PEMES que ten en marcha dende hai medio ano. Así o informou a voceira socialista do Goberno provincial, Pilar García Porto, quen lembrou que esta iniciativa impúlsaa o Goberno do Estado para fortalecer e para facer máis competitivo o tecido empresarial do país a través da transformación dixital.

A día de hoxe, no marco deste proxecto, a Deputación atendeu máis de 1.600 consultas. “É un volume de actividade moi bo en apenas medio ano, o que evidencia que este programa está sendo de gran interese para as pequenas e medianas empresas que traballan no noso territorio”, subliñou García Porto.

A iniciativa, explicou a Deputada, serve para que as pequenas e medianas empresas da provincia e os autónomos aproveiten os recursos que ofrece a dixitalización e as novas tecnoloxías para modernizar e mellorar o seu negocio. Desta maneira, “gañan en competitividade, en produtividade e en eficiencia, e tamén é moi útil para que abran novas oportunidades de negocio”.

“As experiencias que estamos tendo son moi positivas, sobre todo naqueles concellos de menos de 5.000 habitantes, onde estamos focalizando máis os esforzos, ao ser onde



detectamos que é máis necesario”, explicou, ao tempo que avanzou que o seguinte paso que dará a Deputación será, a partir de mediados de setembro, poñer a funcionar un servizo móbil que percorrerá todos os concellos para facer presentacións e chegar a máis empresas. “Faremos reunións para explicar polo miúdo o programa e chegar ao maior número de persoas posible. Iremos informando puntualmente para que a xente saiba en que localidade imos estar cada día”, indicou.

García Porto destacou que con este proxecto “fortalecemos o apoio ao tecido produtivo da nosa provincia como unha das liñas de actuación prioritarias que temos no Goberno provincial, pois, xunto coa dotación de servizos públicos de calidade, é un factor esencial para fixar poboación no noso rural”.

AXENTES DIXITAIS. A Deputación

conta con 7 axentes dixitais que se moven polas diferentes comarcas para establecer contacto con empresas, ofrecerlles axuda de maneira gratuita e indicarlles como poden solicitar o Kit Dixital. Ademais, instaláronse oficinas para prestar asesoramento e acompañamento gratuito nos concellos de Viveiro, Lugo, A Fonsagrada, Láncara, Monforte e Vilalba.

Neses encontros coas empresas estudan a situación da que parte cada unha delas e buscan ferramentas que encaixen coa súa actividade para beneficiar o seu volume de negocio. Por exemplo, axúdanlles a crear redes sociais e impulsalas para que teñan máis seguidores, tamén á posta en marcha de Whatsapp Business para que interactúen coa súa clientela ou implantan solucións dixitais específicas do seu sector que son moi útiles para os negocios.

Xunto á Asociación de Empresarias impulsa o emprego feminino rural



O presidente da Deputación de Lugo, Jose Tomé Roca, e a presidenta da Asociación de Empresarias da Provincia de Lugo (AELU), Anjhara Gómez Rodríguez, asinaron no Pazo de San Marcos un novo acordo entre ambas entidades para impulsar o emprego feminino no rural da provincia. A institución provincial achega así preto de 40.000€ para a posta en marcha do programa Aulas Abertas, mentres que AELU aporta máis de 2.000€. Esta iniciativa nace co obxectivo de formar e crear networking a través de obradoiros nos que se amosará de maneira gratuita ás participantes as posibilidades de diversificar as súas actividades profesionais. Deste xeito, foméntase o empoderamento persoal, facilítase o coñecemento do mundo empresarial e do emprendemento e ofrécese técnicas para desenvolver as capacidades e potencialidades das par-

ticipantes.

José Tomé destacou a importancia deste acordo, que busca seguir “fortalecendo e diversificando o tecido produtivo da provincia a través do apoio a proxectos empresariais e emprendedores liderados por mulleres, o que favorece a xeración de riqueza e emprego, e, polo tanto, fixar poboación”.

Aulas Abertas conta con tres áreas educativas principais: a transformación de produtos agrogandeiros, o aproveitamento de recursos e a creación dunha imaxe nas redes, que suman 150 horas. Ademais, complementase con conversas con emprendedoras. Esta formación estará impartida por un técnico de emprendemento e un técnico en informática.

Aulas Abertas comezará no outono e AELU estima que serán arredor dun cento as mulleres beneficiarias desta iniciativa.

Esixe á Xunta a fin dos recortes de persoal na educación pública

A Deputación de Lugo esixe á Xunta de Galicia que poña fin aos recortes de persoal na educación pública, que dende que goberna o PP na comunidade autónoma supuxeron a redución de 841 profesoras e profesores, segundo un informe da propia Consellería. Así se acordou tras unha proposta do Goberno que saíu adiante cos votos a favor do PSdeG e do BNG e os votos en contra do PP. A voceira socialista, Pilar García Porto, fixo referencia ao anuario *Datos e Cifras da Ensinanza non Universitaria* elaborado pola propia Xunta para

debuxar a situación que está a vivir a educación pública en Galicia en xeral, e na provincia en particular, porque “as dúas velocidades cara onde camiña a Xunta de Galicia no rural e no urbano fan que o asentamento de poboación nas zonas rurais aínda sexa cada vez máis complicado”.

“A política de abandono do rural galego por parte da Xunta fai que as familias teñan cada vez menos opcións para comezar o seu proxecto vital lonxe das cidades”, denunciou García Porto, quen sinalou que, segundo os datos dese mesmo infor-

me, dos 1.246 centros escolares que había no ano 2008 quedan 1.082, un 13% menos.

A deputada contrapuxo esta política de recortes coa que tiña en marcha o bipartito de PSdeG e BNG con medidas como a gratuidade dos libros de texto para a educación primaria, unha medida que eliminou Alberto Núñez Feijóo “nada máis entrar no Goberno da Xunta”.

Puxo como exemplo dos “continuos recortes da Xunta do PP en educación” o que sucede nos colexios públicos de Abadín e do Incio.

Alfonso García
PSICONEUROINMUNOLOGÍA CLÍNICA

690 344 001 [Alfonsogarcia.pni](https://www.instagram.com/Alfonsogarcia.pni)

Gran vía 31-33 entresuelo A 27600 Sarria

COLABORACIÓN

Un Bernini discreto

CULTURA



Rebeca Maseda

“A beleza perece na vida pero é inmortal na arte”
Leonardo Da Vinci

Son as nove e media da mañá, rematei de almorzar no meu hotel en Roma e saio camiñando baixo un ceo totalmente azul e cun calorciño que xa case aperta. Por Via Flavia a xente comeza unha nova xornada; camareiros e camareiras colocan manteis a cadros nas mesas das terrazas para a hora do xantar, repartidores e repartidoras apuran os últimos minutos de carga e descarga e un funcionario fuma un cigarro con certo apuro diante dun Ministerio. É dicir, un día máis no caos romano. Eu contiño abstraída co meu paseo. Xiro á esquerda e alí está, unha igrexa sinxela e pequena que pasa totalmente desapercibida no medio

da fartura patrimonial de Roma. Incluso a madeira das portas está algo desaliñada: Santa Maria della Vittoria. Fascinante, non hai ninguén facendo cola para entrar. O turismo de masas pendura entre a Fontana di Trevi, o Coliseum e catro sitios máis, alleo ao tesouro que agocha ese lugar máxico. Unha das máis grandes obras de arte da cultura occidental: L'Estasi di Santa Teresa de Gian Lorenzo Bernini (1598-1680).

Como a gran maioría, eu xa vira imaxes de tan ilustre escultura, pero poder sentarse tranquilamente e admirala con todo luxo de detalles a tan só uns poucos metros de distancia é outra experiencia ben distinta... A verdade, quedei sen palabras.

É completamente necesario marcar a escultura no contexto espacial na que se atopa, a chamada Capela Cornaro, encargada polo cardeal Cornaro en 1647. Estamos a falar dunha capela familiar na cal podemos identificar aos distintos membros

dos Cornaro representados. Esta construción é moi importante no ámbito do barroco xa que consegue unha total integración das



artes, obtendo unha composición perfecta. A capela organízase -seguindo a teatralidade típica da época- a modo dunha escena

teatral: Aos lados e situados en tribunas, a familia Cornaro asiste á escena da éxtase mentres conversan entre eles de maneira animada.

A escultura de Santa Teresa atópase no centro, aloxada nunha hornacina formada por columnas aos lados e coroada por un dintel curvado que achega movemento á escena. Trátase, polo tanto, dun verdadeiro escenario (o propio Bernini xa tiña experiencia traballando no deseño de escenarios). Toda a capela está realizada en mármore de cores e tipos diferentes, en total máis de vinte variedades, o que o converte nun proxecto moi rico, custoso e luxoso.

Esculpida na súa totalidade en mármore branco, Bernini sabe captar á perfección o sutil movemento tanto das vestimentas da santa -caracterizadas por ese encartado barroco que tanto repite o mestre escultor-, como do vaivén do anxo; imprimindo deste xeito un carácter etéreo á compo-

sición. Trátase dunha escultura tremendamente expresiva que é capaz de emocionar ao espectador debido ao gran talento que ten Bernini para crear non só unha obra de arte que fale por si mesma, senón todo un ambiente; un conxunto de luces, cores e formas diagonais no que calquera pode verse mergullado. Esta peza constitúe unha auténtica icona da escultura barroca italiana no seu foco romano, xa que concentra todos os ingredientes deste movemento artístico. Pero ademais, acabou dando lugar a unha nova corrente iconográfica en torno á figura de Santa Teresa, converténdose nunha fonte de inspiración constante para futuros artistas.

Que delicia perderse polas rúas de Roma e descubrir paraxes incribles e arte en cada recuncho da cidade. Si, o mundo non remata cos catro puntos sinalados en grande en Google Maps... Vai un pouco máis alá e crea a túa propia lista de imprescindibles!

O anel da avoa

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

Catro fillas. Catro, unha diante doutra, así ata chegar á cuarta, con dezaioito anos de diferenza entre a máis vella e a miña nai. Os meus avós adicáronse na maior parte da súa vida ao sector primario, isto é o conxunto de actividades económicas que obteñen materias

primas do medio natural, ganadería e agricultura, a pequena escala, nada extensivo. Por mor da familia numerosa entendemos que parte da explotación era para o autoconsumo. Nunha aldea do monte, preto de Chavín, por iso os seus carnés din que son nadas en Viveiro, malia que de rapazas se mudasen á Rigueira, a miña aldea. Matizo isto porque sempre foi motivo de liorta, elas disque son de Viveiro, porque hai un documento identificativo que así o acredita. Engado eu, porque nun-

ca quixeron ser de Penas Agudas. Por todos nós son coñecidas estas rivalidades coas vilas veciñas, pois isto vén a ser coma o derbi das praias. Contextualizo porque me parece moi fermoso afondar nas raíces, cómpre entender de onde vivimos, e como dita un letreiro no muro do Instituto de San Ciprián: “Para que non se tupan os oídos a medida que se ascende ao máis alto”.

Catro fillas, porén a avoa non fixo outra cousa que alindar ovelas ata criar fillas. Unha detrás doutra, ata que unhas axudaron a criar das outras. Ata casar e marchar, daquela volvía sela avoa para todas. Catro fillas buscando o varón que o avó non soubo facer. “Otra niña!” lle berrou polo teléfono unha monxa que atendía no hospital en Lugo ás embarazadas, a un case que desilusionado meu avó da outra liña do teléfono, porque ás cousas hai que chamalas polo seu nome. Cando non podía máis, acostumaba a escoitarse a Libardo dicir para os seus adentros: “Bendito tú eres entre todas las mujeres”. O certo é que tivo moita sorte e Anisia non se equi-

vocaba cando dicía que as fillas lle saíran boas, pero os xenros non eran peores. Que se era pacifista? A que máis. Trouxo o nome de Cuba, Anisia, coma Anisia Miranda, a muller de Xosé Neira Vilas. Casualmente, tamén houbo outra Anisia moi importante na familia paterna, a favorita de papá, porque coido que todos temos unha tía favorita. Malia que eu as amoile dicíndollo cada día a unha, vantaxes de ter tres, que sempre teño quen me escoite, ou quen me riña, tamén é certo. A avoa trouxo o nome e mais unha cadea de ouro, de malla cubana, que agora levo eu cunha medalla da Virxe do Carme que reza Anisia Lopez, o paiño da zeta parece gravado á man, teimas da avoa, ben seguro foi ela a que ou o fixo ou o ordeou facer. Os xoieiros acostuman a preguntarme pola malla tan peculiar que porto, e a min máis que a cadea o que me pesa só é o seu recordo. A avoa non tiña xoias, e o avó tampouco era dado a galanos. Mesmo cando xa tiña unha idade, metíanos cartos no peto aos netos, pero nunca del saíu mercar un agasallo. Houbo unha excepción, mercou-

lle á avoa un anel de Sargadelos, pero a avoa non sacaba as mans de clarear a roupa do lavadoiro, e fíxolle ir á xoiería de Galdo para que convertesen o anel nun broche, encaixado na lapela da americana que levaba cando quería ir especialmente ben vestida. O broche quedou para a miña nai cando a avoa faltou, porque a coidou a ela de vella do mesmo xeito que fíxera con ela de nena. Di unha das miñas tías que fame non pasaron nunca, pero que sempre pasaron gana de moitas cousas. Anisia acostumaba a dar un bico ao pan antes de tiralo, dubido moito que pola compoñente relixiosa, pero si porque durante a súa vida adulta tivo que quitarlle o balorecido moitas veces para ter con que facerlle bocadillos ás catro fillas. Imaxínade entón o especial que era aquel broche para a avoa. Eu pedínlo á miña nai, e case que por respecto, gardeino con tino ata que o vin convertido de novo en anel como agasallo polo meu vintenove cumpreanos, sen eu saber nada, a xoia máis fermosa que vou a ter xamais chegou en mans da miña persoa favorita.

Peluquería Isolina
Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

Eles futbolistas, elas profesoras

O PUPITRE



Julio Díaz

Levaba varios días pensando que tema podería levar ao meu pupitre, neste mes de agosto, para non cargar aos lectores con ningún tema técnico nin profesional, pensaba en algo que fose máis relaxado, máis distendido, acorde ao período vacacional no que nos atopamos. Despois de moitas voltas e a poucas horas da emocionante vitoria do Mundial de fútbol feminino, no que as nosas rapazas fixeron historia, veu a miña memoria unhas estatísticas que manexara hai uns días e que plasman o que querían ser de maiores os máis mozos en Galicia, onde elas se decantaban por oficios relacionados cos coidados, mentres eles buscaban ser futbolistas ou policías.

Un ano máis, que os nenos e nenas galegas soñan con ser profesores, futbolistas, veterinarios ou policías non é ningunha novidade, estas son e foron as profesións máis votadas por todos eles nas 17 edicións, a primeira aló polo ano 2004, na enquisa realizada por Adecco e na que se pregunta, entre outras moitas cuestións, *Qué queres ser de maior?*, a cal tras o parón dos dous últimos anos por motivos da pandemia que acabamos de sufrir, volve para achegarnos o punto de vista dos máis novos da casa en temas relacionados co mundo da empresa e do traballo.

A fenda de xénero entre homes e mulleres ponse de manifesto durante os primeiros anos de vida dos nosos rapaces, así é como se presenta na xa citada enquisa de Adecco, na que un 36,1% dos nenos galegos queren ser futbolistas, un 12,4% policías e un 9,2% profesores. No 26,3% dos casos elas se de-

cantan pola profesión docente, veterinarias o 13% e doutoras un 8,5%.

Podería asegurar, sen risco de equivocarme, que despois

reflectiría un resultado completamente distinto no caso das nosas rapazas e a profesión de futbolista pasaría a ser unha das primeiras opcións que elixi-

no ano 2023, e é que moitas rapazas elixen xa ser futbolistas entre as súas primeiras opcións quizás sexa un reflexo do protagonismo que os equipos de fútbol feminino están a ter ultimamente e da visibilidade que lles están a dar nos últimos tempos os medios de comunicación e as redes sociais.

Quería completar esta reflexión con profesións da enquisa de Adecco que chamaron a miña atención e que aparte destas profesións elixidas, o estudo manifesta que outras anecdoticas embelesan aos nosos rapaces, como ser Ninja, CEO de marketing, campiona de Jiu-Jitsu, drifter, cosmólogo, copiloto de avións de guerra, explorador de tesouros, profesional do tambor ou presentador do "Hormiguero".

Non quixera rematar sen felicitar novamente ás nosas "futboleras" con un sentido. AUPA CAMPIOAS



desta ilusionante vitoria das nosas xogadoras da selección española de fútbol, a enquisa

rían, de feito o que comezou sendo unha novidade na enquisa do ano 2019, que se agudiza

Rexurdimento temporal

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Escribimos este artigo a última semana do mes de agosto deste presente ano dous mil vinte e tres, no que semella todo volveu á normalidade de maneira definitiva, ou iso agardamos polo menos ata a vindeira historia que outra vez poña todo patas arriba. Atrás queda aquel marzo do vinte e o que viría a continuación, que parece foi hai moito tempo, pero que todos lembramos perfectamente. O verán estase a desenvolver sen novidades salientables. Houbo que ir votar nunhas eleccións xerais convocadas para unha data atípica, co que iso supuxo, tanto nas semanas previas como nas posteriores —e o que falta aínda por vir e por ver—. E a iso cómpre engadirle que tralos comicios municipais de maio, constituíronse as novas corporacións locais para os próximos catro anos. Ata o de agora, toquemos madeira, o lume, por fortuna, non tivo o triste protagonismo que observamos en certas bisbarras do País o ano anterior. Asistimos a días de abafante calor,

pero a auga fixo aparición e da maneira á que estamos afeitos ver chover por estes lares.

Xa no verán anterior puidemos comprobar como volveran ao rego as cotidianidades de sempre. Así, as viaxes e as vacacións de novo foron noticia, pero xa sen restricións. Vimos como o persoal enchía restaurantes, praias, Como se o mundo acabase, había que aproveitar o momento, polo que puidese vir a posteriori. Aquí, no noso radio de acción, vimos como se revitalizaban verbenas, festivais e demais eventos. Calquera escusa era boa para divertirse e tratar de pasalo o mellor posible, quedando atrás o auténtico pe-

sadelo que foi o maldito Covid 19. En resume, como calquera verán pretérito, anterior á pandemia. Nada extraordinario, podemos dicir. E o destes dous últimos meses, pois aí están as imaxes que proxectan os medios de comunicación. Os diferentes camiños de Santiago, petados de peregríns. Aeroportos, estacións de trens e buses, ateigados de xente que vai e ven. As terrazas dos bares, os restaurantes, zonas de baño, etc. son unha proba de que aquilo que nos condicionou a existencia xa forma parte do pasado.

E todo iso poderíamolo facer extensivo nas nosas aldeas, parroquias e vilas. Se no resto do

ano comprobamos o significado da Galicia baleira, chegou a época estival e aqueles lugares onde cada vez quedan menos veciños e cada vez de maior idade semellan rexurdir dese letargo. As airas, os camiños e ata as corredeiras acollen uns visitantes que dan pulo a zonas que durante meses están orfas dunha vida humana que tanta presenza tiña en tempos pasados. Volven aqueles que mar-

charan lonxe, xa entrados en anos, pero tamén os seus fillos, os da xeración baby boom, quen xa son pais e nais, polo que tamén veñen coas súas crianzas e os achegados delas. Todos dan fe de sitios de gran fermosura e valor sentimental, os que nuns días volverán encherse de silencio e soidade, agardando outro verán por aqueles que, aínda de forma temporal, fan lembrar o que aquí había.


PINTOR

PINTURAS - BARNICES
PERSIANAS
PAPEL PINTADO
TARIMA FLOTANTE
659 767 936

HOGAR
CORTINAS - STORES
RIELES
ALFOMBRAS
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,
 93-95, bj - **982 533 497**
SARRIA (Lugo)

PINTURAS HOGAR
LATAS
 tel.: 659 76 79 36



REVESTIMIENTOS
FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO,
 MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)
 Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572

DEPORTES

Juan Norat ficha como director deportivo do Club Baloncesto Sarria



O CB Sarria vén de anunciar a súa nova incorporación á dirección do equipo, Juan Norat Estévez, que traballará como novo director deportivo do Club Baloncesto Sarria.

Así, destacan de Juan a súa experiencia e paixón polo baloncesto, así como a súa profesionalidade “de primeiro nivel e cun profundo coñecemento do baloncesto e unha gran capacidade de traballo, polo que estamos seguros de que será un gran activo para

o CB Sarria”, defenden desde o club.

Juan Norat desempeñou, durante os últimos anos, varios cargos que demostran as súas capacidades, como o posto de director técnico e adestrador EBA en Baloncesto Torrelodones, director técnico Canteira COB e adestrador EBA e júnior, director deportivo Marín Peixegalego e adestrador EBA e director técnico canteira Celso Miguel e adestrador de equipos canteira.

Noa López conseguiu ser a MVP no torneo internacional de Abu Dabhi coa Selección

Noa López, a xogadora de baloncesto sarriá que foi convocada pola Selección Española Ou15 para xogar en Abu Dhabi, conseguiu o título de MVP, que galardoa ás persoas que mellor xogan, nun partido contra Alemaña.

Ademais de conseguir ser a mellor xogadora neste partido, Noa conseguiu ser a xogadora con máis asistencias do torneo, no que a Selección gañou todos os partidos da fase de grupo e, finalmente, as xogadoras conseguiron gañar a final contra Líbano.

Por todo isto, a súa familia sostén que Noa vén moi contenta de toda a experiencia vivida, tanto dentro da cancha como fóra coas súas compañeiras de selección e que está moi agradecida por todo o agarimo e apoio recibido pola súa xente de Sarria e de moitos lugares de



Galicia e España. “Este torneo de Abu Dhabi, quedará gravado profundamente no seu corazón e vivencia persoal”, argumentan.

39 equipos participan na Copa Deputación de fútbol sala

A Vicepresidencia da Deputación de Lugo patrocina a IV Copa Deputación de fútbol sala, na que participan 39 equipos de 3ª División Nacional Masculina, Preferente Masculina, 1ª e 2ª Autonómica Masculina, Preferente Feminina e 1ª Autonómica Feminina.

A área de Deportes financia a Copa, cunha achega de 20.000 euros que se distribúe entre os equipos con premios en función dos partidos disputados e das eliminatorias superadas (entre 190 e 345 euros), ademais de premiar aos equipos campións (entre 510 e 745 euros) e subcampións (260 e 390 euros) de cada categoría.

O deputado de Deportes Efrén Castro explicou que “co patrocinio desta competición reforzamos o apoio aos clubs de fútbol sala da provincia que, ademais de beneficiarse economicamente da participación, teñen a oportunidade de comezar a competir e traballar na posta a punto de cara a temporada” e sinalou “que a Deputación de Lugo é a única entidade provincial que financia este tipo de competición, pola tradición e o



alto nivel competitivo do fútbol sala na provincia, que queremos seguir impulsando”.

PREFERENTE E FEMININA. Da categoría Preferente e Primeira División Feminina participan os equipos Ribeira Lieders FS, Grupo Forma-T Vilalba FS, UD Pastoricense, Taboada Feminino, Praias de Barreiros, Concello de Begonte, SD Castroverde e Burela FS B.

PREFERENTE E MASCULINA. Na 3ª División Nacional Masculina e Preferente Masculina os participantes serán o Ribeira FS, Outeiro de Rei SD, O Korreo Guitiriz FS, Insuas do Miño Rábade

FS, Grupo Forma-T Vilalba FS B, Praias de Barreiros CB, Concello de Begonte FS, Covirán Quiroga FS, Os Meigallos FS, Club Deportivo Casás, PM Friol FS e ADC Lugo Sala Automóviles Losada B.

PRIMEIRA E SEGUNDA. E na Primeira e Segunda División Masculina participarán o CD Chao, Castroverde FS, Samos FS, PM Friol FS B, Decotropic FS, Ribeira FS B, O Korreo Guitiriz FS B, Outeiro de Rei SD B, Concellos de Begonte FS B, Yocreapptive Sala, Luisitalia, SDCX Atl. San Antonio, Cubelas, Puebla Futsal, Trabada Futsal, SD San Lázaro, Oural FS, Abella FC e FSF Castro.

A SD Sarriana gañou o II Memorial Carlos Alberto contra o CD Lugo B Polvorín

O II Memorial Carlos Alberto reuniu no estadio A Ribela a centos de persoas no encontro que se disputou entre a SD Sarriana e o CD Lugo B e no que “se veu o potencial que este ano ten o equipo da Sarriana despois da chegada de novas fichaxes”, sosteñen desde o equipo sarriano.

Así, os integrantes do equipo da SD Sarriana gañaron ao CD Lugo B Polvorín no II Memorial Carlos Alberto, un evento que honra a un histórico futbolista e directivo do equipo da SD Sarriana que morreu de cancro. Ademais, as persoas que acudiron ao partido tiveron que pagar dous euros de entrada que foron recadados para destinarse integramente á Asociación Española contra o Cancro



(AECC) de Lugo.

Esta iniciativa promovida por segunda vez ten como obxectivo concienciar ás persoas sobre o cancro e, en concreto, sobre o caso de Carlos Alberto Díaz, a quen se lle homenaxeará nun encontro futbolístico, deporte ao que dedicou toda a súa vida.

A Pretorian Race Kids foi a antesala da Pretorian Race Sarria Xtreme de outubro

Os nenos e nenas do campamento Aventuras no Camiño 2023 de Sarria, participaron na primeira Pretorian Race Kids do Concello de Sarria, na que tiveron que superar diferentes obstáculos da man dos seus monitores.

Despois da boa acollida que tivo esta actividade, na que os nenos e nenas disfrutaron dunha xornada de actividades lúdicas e deportivas ao sol, o Concello de Sarria anuncia que está aberto o prazo de inscrición para a carreira “Pretorian Race Sarria Xtreme”, que se disputará o día 15 de outubro.

Neste caso, será unha carreira para persoas adultos na que os participantes terán que superar trinta e cinco obstáculos, que poñerán a proba a súa forza, habilidade e resistencia.

“Sarria paréceme un bo lugar para continuar co taekwondo”

Álex Camba é campión de España de Taekwondo con 24 anos

Falamos con Alejandro Losada Rodríguez, ou tamén coñecido como Álex Camba, campión de España de Taekwondo de 24 anos que vén de poñer en marcha un club deportivo dese deporte en Sarria.

Cantos anos leva dedicado ao taekwondo e como xurdiu o seu amor por este deporte?

Levo desde os sete anos practicando taekwondo no club Neka de Monforte, xa que eu son desacomodado e é club co que compito actualmente.

A miña paixón por este deporte vén desde que teño uso de razón, xa que me encantaba de pequeno ver películas de Bruce Lee ou Jackie Chan cos meus pais en casa ata que atopei este deporte.

En 2020 foi considerado un dos mellores profesionais deste de-

porte a nivel mundial, como lle fai sentir esa consideración?

En 2020 logrei a oitava praza no mundial en liña que me deu puntos para estar entre os 30 primeiros da clasificación mundial. Para min, estar entre os mellores, a parte dun orgullo é unha motivación extra para seguir adestrando.

Cal é o premio do que máis orgulloso se sente?

Do que máis orgulloso me sinto é do meu ouro en categoría absoluta en 2020, o meu primeiro ouro nacional a nivel individual, xa que conseguín gañar a un dos meus maiores rivais e ídolos, Álex Marín, ata entón nove veces seguidas Campión de España.

Cal foi o enfrontamento máis duro nos que estivera e contra quen?

Hai moitos rivais duros que me puxeron, en diferentes momentos, as competicións moi difíciles. Quedaríame con Álex Marín, Álex Losada de Vigo e un compañeiro de selección, Tomas Fernández, ou mesmo os meus compañeiros de club, que tamén son rivais. Todos eles motívanme e axúdanme a mellorar.

En que se basea o taekwondo a nivel técnico, pero tamén de valores?

O taekwondo, como di o meu adestrador, é o control absoluto do corpo e da mente. A maiores de ser unha modalidade deportiva, é un estilo de vida que achega infinidade de valores e aprendizaxes a aqueles que o practican. Pódese resumir en que se basea nunha educación en valores que axuda a desenvolver ás persoas no ámbito físico, persoal e social.

Que lle impulsou a poñer en marcha un centro deportivo de taekwondo en Sarria?

Acabo de terminar a carreira de Ciencias en Actividade Física e Deporte e sempre foi algo que tiven en mente; era cuestión de tempo que pasase e, ao final, tras meditalo un tempo, sucedeu. Está en Sarria porque hai anos xa había cultura de taekwondo, que se perdeu cando pechou o anterior club, e paréceme un lugar moi bo para continuar con esa cultura do taekwondo e tentar explotala aínda máis e ofrecer unha variedade nova de deporte na zona.



Como cre que vai ser o primeiro curso?

Atópome con moitas ganas e moi motivado. Hai persoas que xa se achegaron a preguntar e mesmo algunhas que xa se apuntaron, polo son bastante optimista con este primeiro curso na escola e teño moitas ganas.

Que tipo de actividades levaranse a cabo cos diferentes tipos de alumnos?

Na escola desenvolveremos o taekwondo en todas as súas modalidades: combate, técnica, freestyle e exhibición. Ademais, cos máis pequenos traballaremos contidos de psicomotricidade para que aprendan a moverse e a gozar da actividade física; e cos adultos, contidos relacionados coa mellora da condición física a través do taekwondo. Tamén temos clases específicas e orientadas á competición.

Falando dos nenos, que beneficios ten o taekwondo para eles?

O taekwondo é unha arte marcial e un deporte boísimo para o desenvolvemento psicomotor en nenos e nenas de diferentes idades, que achega infinidade de valores, que permite facer amigos e vivir incontables momentos. Creo que é unha oportunidade moi boa para que as nenas e nenos de Sarria proben unha actividade nova. As portas da escola están abertas para todo o mundo que queira probar esta nova actividade.

Como está sendo a acollida da noticia ata agora?

Ata o de agora foi moi boa, non me esperaba que tanta xente preguntase os primeiros días e estou moi contento, iso motívame moito.



TELÉFONOS DE INTERESE

LÁNCARA

Concello: 982 54 30 77
Garda Civil: 982 54 31 47
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

PARADELA

Concello: 982 54 11 01
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

SARRIA

Concello: 982 53 50 00
Policía Local: 982 53 08 50
Garda Civil: 982 53 04 74
Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11
982 53 21 12 / 982 53 21 13

SAMOS

Concello: 982 54 60 02
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

O INICIO

Concello: 982 42 70 14
Garda Civil: 982 42 00 46
Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77



TELÉFONOS DE INTERESE

Emerxencias: 112 | Incendios Forestais: 085
Urxencias Sanitarias: 061 | Garda Civil: 062



TRICASTELA

Concello: 982 54 81 47
Garda Civil: 982 54 60 08
Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

SARRIAXA

Para calquera suxestión, información ou comentario non dubide en poñerse en contacto con nós.

Edición: PORTAS COMUNICACIÓN S.L.
Dirección: Diego E. García Puente
Teléfono: 661 464 323
E-mail: redaccion@sarriaxa.com
Impresión: Tameiga Publicacións S.L.
Dep. Legal: LU 57-2021

DESCUBRINDO O PATRIMONIO

Igrexa de Santa María de Ferreiros de Paradela

Ferreiros é unha pequena aldea xurdida ao abeiro do Camiño e que conta cun templo austero pero cunha fermosa portada románica

A Igrexa de Santa María de Ferreiros de Paradela localízase no lugar de Mirallos, polo que pasan miles de peregrinos cada ano a través dunha etapa do Camiño Francés, do Camiño de Santiago, que vai desde Sarria a Portomarín.

A construción deste templo levouse a cabo no século XII como herdanza dun antigo mosteiro, que foi priorado da Encomenda de Portomarín, e que foi dotado coas particularidades necesarias como para actuar de hospital para acoller aos peregrinos, debido á súa localización estratéxica para eles.

Así, no século XVIII, concretamente no ano 1798, a igrexa pasou a ser parroquia despois de trasladala, pedra por pedra, ao lugar de Eirexe.

Por outra banda, Mirallos, nome que se di que significa "bela vista", é un lugar moi ligado aos cabaleiros da Orde de San Xoán.

ELEMENTOS. A Igrexa de Santa María de Ferreiros de Paradela foi reformada en varios momentos, pero sempre se conservou o seu aspecto románico orixinal cunha portada principal románica, que destaca por riba do demais, aínda que o resto foi modificado.

A porta de entrada, pola súa parte, está formada por tres arquivoltas de medio punto con chambrana de axadrezado e sobre as columnas hai capi-

teis con ornamentación vexetal, rostros humanos e animais fantásticos.

Este tipo de decoración repítese en diferentes templos próximos á Igrexa de Santa María de Ferreiros de Paradela, como son o de San Lourenzo de Suar, o de San Xoán de Friolfe e o de Santo Estevo de Grallás, todos no Páramo; así como outros como o de San Salvador de Escudro, en Silledo; o de San Cibrao de Repostería, en Palas de Rei; e o de San Xoán de Bouzao, en Taboada.

Pola súa parte, o tímpano é bilobulado, similar ao doutras igrexas próximas, e descansa sobre dúas mochetas con cabeza de león. Ademais, arriba de todo, coroa a fachada, unha espadana barroca engadida posteriormente da súa construción. Cabe destacar que a Igrexa de Santa María de Ferreiros ten unha soa nave e unha ábsida recta.

PILA BAPTISMAL E CEMITERIO.

Fronte á entrada da Igrexa, localízase unha pila bautismal, que din ser do século VI, e que aínda conserva símbolos relixiosos da época medieval na que foi construída.

Os estudosos pensan que está fóra do templo para adornar os arredores da construción.

Neses tempos, a pila bautismal servía para que as persoas levaran a cabo o sacramento do bautismo por inmersión no caso dos adultos, polo que non tiñan pedestal para facilitar o seu uso. Así, no románico si que se

lles engadía un pedestal.

Pola súa parte, o cemiterio atópase dentro do recinto que ocupa a Igrexa e a pila bautismal, unha característica común das igrexas que se poden ver a través do Camiño de Santiago, que inclúen o seu cemiterio preto da igrexa.

Así, o cemiterio está rodeado por un pequeno xardín con céspede ben coidado e uns camiños feitos con lousas, que son as encargadas de unir as tumbas e os mausoleos.

No caso da Igrexa de Santa María de Ferreiros, algunhas tumbas datan do ano 1800, pero tamén hai mausoleos máis modernos con forma de hórreo.



MADEIRA
SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias
Tanatorios
Seguros

75 ANIVERSARIO
MADEIRA SERVICIOS
1948-2023

Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

Pili Madeira
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

bicarelo

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88
info@bicarelo.es